6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aplicarase este procedemento cando o/a alumno/a:

- Teña perdido o dereito á avaliación continua por exceder o número de faltas, non xustificadas 10% e/ou xustificadas 20%, dado o carácter presencial do módulo.
- As probas realizaranse nas datas e horas estipuladas polo centro educativo.
- As probas versarán sobre os contidos do módulo indicados na programación.

Neste caso o/a alumno/a terá que realizar para cada unha das Unidades Formativas non superadas unhas probas consistentes nun dobre exame teórico e práctico (traerá modelos reais que permitan realizar os traballos que se vaian executar. Tamén deberá traer indumentaria, medios técnicos e material personal para o desenvolvemento da proba.

A) Proba teórica de tres sesións de duración máxima (unha e media por Unidade formativa -no caso que haxa máis de una-). O alumno/a deberá desenvolver mediante resposta oral e/ou escrita preguntas relativas aos contidos do módulo desenvolvidos durante o curso.

B) Proba práctica de dúas sesións de duración máxima por unidade formativa. O alumno/a terá que demostrar, mediante un ou varios exercicios prácticos, sobre modelos reais e no tempo asignado, as habilidades e destrezas propias do módulo.

SERÁ NECESARIO QUE O/A ALUMNO/A APORTE OS MODELOS NECESARIOS, UTENSILIOS, MATERIAIS, LENZARÍA ,ETC... QUE LLE

PERMITAN REALIZAR OS EXERCICIOS SOLICITADOS CONCERNIENTES OS CONTIDOS DO MÓDULO.

A cualificación farase tendo en conta:

Probas escritas: 50%

Probas prácticas: 50%

Para obter a calificación positiva e por tanto a superación do módulo, é imprescindible acadar unha nota igual ou superior a 5 en cada unha das probas.

Realizarase en primeiro lugar a proba escrita de non acadar, mínimo, nota de 5, xa non se realizará a proba práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar co desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a. Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.

O obxectivo é corrir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xurde situacións non previstas durante o curso.

Este seguimento realizarase nas reunións de Departamento conforme aos criterios que se realiza ao principio de cada curso ou avaliación.

As modificacións faranse por escrito reflectíndoas na aplicación web -seguimento- que á súa vez inclúense na Acta de Departamento correspondente asinando polos profesores aos que lles afecte máis o xefe do Departamento. En caso de cambios informarase ao alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, DOG do 15 de xullo) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.

A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos. Dita información pode proceder:

- Dos informes de estudos cursados previamente
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.

- Da experiencia profesional previa
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso

Sen embargo, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación.

Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o/a alumno/a adquira unha maior independencia formativa.

En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.

A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados no apartado ¿Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación¿. Esta situación verase reflectida na ¿ficha do alumno¿ e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

Nota - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE

- Metodoloxía diversa
- Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundizan, considerando esenciais os mínimos esixibles.
- Proposta de actividades diferenciadas
- Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espacios de resposta mas ou menos amplos. Un exemplo podería ser flexibilizar as relacións nos proxectos deixando a posibilidade de outros alternativos que contemplan os contidos esenciais.
- Material didáctico non homoxéneo
- Propoñer actividades que respondan a distintos grados de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.
- Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes
- Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida para os que sexa mas sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo
- A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas, propoñer distintas actividades de reforzo ou profundización e fomentar a cooperación

No caso do alumnado que, sen ter necesidades educativas especiais, poida precisar ao longo do curso dun apoio adicional e cando o reflectido na ¿ficha do alumno¿ así o aconselle, ofreceráselle a posibilidade de reforzar a súa aprendizaxe e mesmo recuperar partes non superadas.

Atoparanse nesta situación aqueles/as alumnos/as que:

- Non teñan perdido o dereito á avaliación continua.

- Colaboren de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
- Non acaden parcialmente os mínimos dunha Unidade Formativa (no caso no que o módulo estea dividido).
- Amosen a súa dispoñibilidade a traballar en autoformación.

Se cumpren os catro puntos, acordarase co/coa alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo necesario para realizar o traballo, estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de tutoría.

No caso de que, polo carácter dos mínimos a recuperar, sexa necesaria unha verificación práctica dos mesmos o/a alumno/a deberá realizar tamén unha proba práctica, normalmente coincidindo co Exame Final Extraordinario.

O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos. Para cada actividade procurárase ofrecer tres posibilidades:

- Unha común para todos os alumnos co fin de asimilar os contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de profundizar nos coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está intimamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe a formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.

Con esta idea, fixéronse valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):

- Puntualidade no inicio e remate das tarefas.
- Asistiuse con puntualidade ás clases.
- Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.
- Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
- Rigor no manexo da documentación.
- Interpretáronse instrucións dos útiles/materiais, produtos, técnicas;
- Orde e método de traballo.
- Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.
- Traballo en equipo.
- Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesores.
- Calidade do traballo.

- Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
- Seguridade e hixieneno traballo.
- Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.
- Procurouse non desperdiciar materiais.
- Coidouse a reciclaxe.

O incumprimento de calquera destes Criterios de Avaliación impedirá obter unha avaliación positiva das Unidades Formativas e/ou do módulo. Así mesmo, o incumprimento de algún deles poderá significar a prohibición de realizar as prácticas no aula cando por razóns de seguridade, de prexuízo ao grupo ou por impuntualidade supoñan un risco ou unha diminución da avaliación obxectiva das mesmas. Neste caso o/a alumno/a será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua. Estas situación quedarán reflectidas na ficha do alumno.

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión propóranse os seguintes obxectivos:

- respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
- non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
- trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudos:

- facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...)
- informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais
- proporcionarase un autoconecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos

O Medio Ambiente, será tratado directamente na aula e no entorno educativo polo que se propón:

- respecto aos criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos
- responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías
- potenciar o reciclado dos residuos
- evitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.

Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalguna Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliadas. De selo, informarase ao alumnado previamente

coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

- Cursos no IES con empresas do sector
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenrolo persoal e profesional dos nosos alumnos
- Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.
- Facilitarlles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades

Engadimos a colaboración coa biblioteca do propio Instituto e coas posibles actividades que desde ela se propoñan e así mesmo intentarase establecer vínculos con o IES Perdouro (Burela) a través:

- Do seu proxecto lingüístico (Modelo Burela, Proxecto Neo, Revista Maruxía)
- Dos seus Encontros de Banda Deseña
- Das ofertas de actividades que nos propoñan

Nota- A miña participación nas actividades propostas polo Instituto e o Departamento, e dicir, as que non sexan a petición propia, estará condicionada a que se desenvolvan no horario de clases máis permanencia no centro correspondentes ao día de celebración.

10.Outros apartados

10.1) DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/productos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:

- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non teñan asistido ás explicacións referentes ao uso do material/técnicas da práctica.
- Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.

Cando, en base dalgún dos puntos anteriores, sexa de aplicación a prohibición de realizar as prácticas no aula o/a alumno/a afectado será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

10.2) SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións dad UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos.

Exemplo: Sendo a primeira UD teórica adiantazos un pouco de práctica da segunda, non influíndo isto na duración (nun principio) das mesmas. Teremo tamén en conta que a maiorira das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade.

10.3) TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TICs, E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Desde o módulo fomentárase a actuación dos alumnos/as na utilización das novas tecnoloxías (para a realización de traballos teóricos, busca de información, e novas relacionadas coa profesión. O Centro conta con aulas específicas onde poderán traballar con Internet, encerado dixital interactivo e así facilitarlle a todo o alumnado o acceso a estas técnicas) coma no Proxecto Lingüístico do Centro.

Nos módulos impartidos en galego, aínda que moitas veces ao carecer de libros de texto en esa lingua, os apuntes se dan en castelán, pero tanto os exames, coma as explicacións de ditos apuntes son en galego. No caso de que exista un alumno/a de fora da Comunidade verase a posibilidade de facilitarlos en castelán.

O uso do galego en parte ven determinado porque é a lingua predominante no entorno do Centro.

10.4) DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DO SEU PESO NA AVALIACIÓN.

Tal e como se sinala nos correspondentes apartados, os Criterios de Avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indicárase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10 tendo que alcanzar mínimo un 5 para poder facer media positiva. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas,

TO(táboa de observación): serán aplicadas sobre por observación directa do traballo do/a alumno/a. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio Cumpre ou Non Cumpre.

LC(lista de cotexo): avaliarase empregando unha Escala de Valoración (EV). Para o caso de traballos reflectidos na carpeta de traballo (como pode ser o caso das memorias das prácticas) aplicarase a EV: Ben, Regular, Mal. Para o caso das prácticas realizadas na aula serán avaliadas por observación directa dos resultados cunha EV numérica de 1 a 10.

OU (Outros): aplicarase unha EV: Ben, Regular, Mal

Con carácter xeral e salvo excepción, reflectida de ser o caso no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:

NOTA UD = 30% (PE) + 70% (PP)

A nota incrementárase en función das valoracións Ben obtidas nos TO e OU asociados á UD.

No caso de non acadar o mínimo para obter unha avaliación positiva a nota máxima da UD será 4.

Para o conxunto da avaliación, deberase ter todas as UD incluídas na mesma avaliadas positivamente (5 ou máis). Neste caso farase a media aritmética de tódalas

10.5) RESOLUCIÓN 2017/2018

Renuncia, anulación e baixa de oficio de matrícula

Procederase á baixa de oficio cando un alumno ou unha alumna acumule o número de faltas inxustificadas a que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011. a) Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicarse a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa. b) Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas non se terán en consideración os días previos á formalización da matrícula.

Perda do dereito á avaliación continua

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicarse que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarse a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula. 3. O alumnado que perde o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Solicitud de convocatoria extraordinaria

1. O alumnado que esgotase as convocatorias a que tiña dereito poderá solicitar a autorización dunha única convocatoria extraordinaria para poder rematar os seus estudos, de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen nos artigos 11 e 12 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Períodos para a realización de propostas de títulos

Con carácter xeral, as propostas de títulos para o alumnado que rematase as ensinanzas de formación profesional realizaranse tres veces por ano, ao final de cada trimestre lectivo: decembro, marzo e xuño.

Matrícula de honra en ciclos formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna. O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra. Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titular en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.



10.6) NÚMERO DE ALUMNOS

O NÚMERO DE ALUMNOS VAI CONDICIONAR O NÚMERO DE TRABALLOS ESIXIBLES O QUE SE IRÁ CONCRETANDO NO SEGUIMENTO DESTA PROGRAMACIÓN

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0843	Coloración capilar	2023/2024	12	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSA ANA MURIAS FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20.

DECRETO 231/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Peiteado e Cosmética Capilar.

O currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Tamén se establece nese decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

No seu artigo 4 figura a competencia xeral do ciclo: A competencia xeral deste título consiste en realizar o coidado e o embelecemento do cabelo, a estética de mans e pés e o estilismo masculino, así como comercializar servizos e venda de cosméticos, cumprindo os protocolos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Tamén determina as competencias profesionais, persoais e sociais:

- a) Recibir, almacenar e distribuír o material de peiteado, controlando o seu consumo e as existencias.
- b) Atender a clientela en todas as fases do proceso, aplicando procedementos establecidos.
- c) Comprobar o estado do cabelo e do coiro cabeludo, manexando instrumentos de observación.
- d) Preparar e pór a punto o posto de traballo e as instalacións, manténdoo en condicións óptimas para a súa utilización.
- e) Realizar cambios de forma permanente no cabelo, seguindo as especificacións establecidas.
- f) Tinguir e descolorar o talo capilar, seleccionando cosméticos, técnicas e procedementos.
- g) Cambiar a lonxitude do cabelo, seleccionando ferramentas, accesorios e utensilios segundo as técnicas e os estilos de corte.
- h) Efectuar peiteados e recollidos, con próteses pilosas ou sen elas, personalizándoos e adaptándoos ás necesidades da clientela.
- i) Aplicar técnicas de manicura e pedicura para o embelecemento e os coidados de mans, pés e uñas.
- j) Realizar técnicas de barbaría e peiteado masculino, identificando as demandas e as necesidades da clientela.
- k) Informar a clientela sobre os coidados, os cosméticos e os hábitos saudables, para asegurar o resultado final dos procesos técnicos de peiteado.
- l) Promover e vender produtos e servizos no ámbito dunha empresa de imaxe persoal.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no ámbito de traballo.
- ñ) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.
- o) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- p) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas

persoas e no ámbito laboral e no ambiente.

- q) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- s) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolverán tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Adoitan actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Peiteador/ora.
- Barbeiro/a.
- Técnico/a en coloracións capilares.
- Técnico/a en cambios de forma do cabelo.
- Técnico/a en corte de cabelo.
- Técnico/a en postizaría.
- Técnico/a en manicura.
- Técnico/a en pedicura.
- Técnico/a ou axente comercial de empresas do sector.
- Recepcionista en empresas de peiteado.
- Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Clasificar os materiais de peiteado, identificando as súas propiedades e condicións idóneas de manipulación e conservación, para os recibir, os almacenar e os distribuír.
- b) Interpretar as normas establecidas, analizando as fases dos procesos de peiteado, desde o acollemento ata a despedida, para atender a persoa usuaria.
- c) Identificar as características e as necesidades do pelo e do coiro cabeludo, utilizando medios e técnicas de observación para comprobar o seu estado.
- d) Seleccionar medios, produtos e equipamentos, analizando as súas características, para preparar e pór a punto o posto de traballo.
- e) Hixienizar as instalacións e os equipamentos, xustificando os métodos de limpeza e desinfección, para preparar e pór a punto o posto de traballo e as instalacións.
- f) Aplicar operacións técnicas de alisamento e rizamento, recoñecendo e seleccionando os utensilios e os cosméticos, para realizar cambios de forma permanente no cabelo.
- g) Aplicar técnicas de cambio de cor, seguindo o procedemento establecido para tinguir e descolorar o talo capilar.
- h) Empregar ferramentas e utensilios de corte, tendo en conta a relación entre as técnicas e os estilos, para cambiar a lonxitude do cabelo.
- i) Manexar equipamentos, utensilios e accesorios, tendo en conta a relación entre as técnicas e os estilos e os actos sociais, para efectuar peiteados e recollidos.
- j) Seleccionar próteses pilosas e xustificar técnicas de colocación, para efectuar peiteados e recollidos.
- k) Efectuar operacións técnicas de manicura e pedicura, e xustificar os protocolos de execución, para embelecer e coidar mans, pés e uñas.
- l) Integrar os procedementos do servizo de peiteado masculino, analizando e relacionando os tipos, as fases e os métodos, para realizar técnicas

de barbaría e peiteado masculino.

- m) Aplicar estratexias de asesoramento, analizando os factores que melloran o resultado final, para informar sobre coidados, cosméticos e hábitos saudables.
- n) Elixir os cosméticos adecuados de acordo coas necesidades da pel, para informar sobre coidados, cosméticos e hábitos saudables.
- ñ) Identificar operacións de venda e técnicas publicitarias e de merchandising, valorando as características e as demandas do mercado, para promover e vender produtos e servizos de imaxe persoal.
- o) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a diferentes situacións profesionais e laborais.
- p) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.
- q) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- r) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.
- s) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, relacionándoos coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos nun mesmo, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.
- t) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.
- u) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.
- v) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- w) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Como orientación pedagóxica este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de aplicar técnicas de cambio de coloración do cabelo..

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Protocolos de atención á clientela.
- Determinación das necesidades da clientela
- Selección de aparellos, materiais e utensilios.
- Formalización de ficha técnica.
- Realización de técnicas previas á coloración permanente.
- Aplicación das técnicas para os cambios de cor do cabelo e outras zonas pilosas.
- Verificación do resultado final dos procesos de cambios de cor do cabelo e outras zonas pilosas.
- Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.
- As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en procesos de coloración temporal, semipermanente e permanente, e de descoloración.

A formación do módulo contribúe a lograr os obxectivos xerais: a), b), d), e), g), m), n), s) e u) do ciclo formativo, e as competencias: a), b), d), k), p) e q).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo relaciónanse con:

- Compilación e interpretación de datos da observación do cabelo e do coiro cabeludo.
- Registro dos datos.
- Selección, preparación e aplicación dos cosméticos para o cambio de cor.
- Selección e aplicación de aparellos, materiais e utensilios.
- Identificación de técnicas previas á coloración.
- Selección e aplicación de técnicas de coloración temporal, semipermanente e permanente, e de descoloración.
- Identificación das medidas de seguridade e hixiene nos procesos de cambios de cor do cabelo e doutras zonas pilosas.
- Selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.
- Determinación de pautas de asesoramento para o coidado dos cabelos coloreados e descolorados.

Para coñecer as características sociais e de ámbito productivo onde se enmarca o centro de ensino podemos consultar as seguinte páxinas web:

páxina oficial de Xunta de Galicia

http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002003001&c=-1&ruta=fichas%2Fbdmunicipal_tablas.jsp%3FESP%3D32054

páxina oficial do Concello de Ourense

<http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002003003&ruta=navmunicipal.jsp?ESP=32054&CONCELLO=Ourense>

wikipedia

<http://es.wikipedia.org/wiki/Ourense>

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					84300					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
1	Cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados	Escala de tons da cor natural do cabelo. Tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores. Aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. Estado do coiro cabeludo e do cabelo. Influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso. Características especiais doutras zonas pilosas. Tipos de cambios de cor. Tendencias de moda na coloración do cabelo. Deseño a ficha da clientela. Necesidades e as demandas da clientela para a proposta de cambio. Rexistro na ficha técnica os datos obtidos	30	20	X					
2	Preparación da área de traballo e realización das operacións previas aos cambios de cor, e xustificación da elección de medios e da preparación do produto.	Instalacións onde se realizan os cambios de cor capilar. Normas que definen unha correcta imaxe profesional. Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial. Pautas básicas para a recepción e atención á clientela. Recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento. Posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de cambios de cor. Normas de hixiene e desinfección imprescindibles na área de cambios de cor. Métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis adecuados á área de cambios de cor. Área de traballo para os cambios de cor. Utensilios, materiais e equipamentos necesarios para os cambios de cor. Cosméticos para o cambio de cor. Produto oxidante segundo as características do pelo. Cálculos volumétricos para a dilución do oxidante en función das necesidades. Mestura dos cosméticos para o cambio de cor. Condicións de seguridade e hixiene na preparación e na manipulación de cosméticos. Criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.	30	10		X				
3	Aplicación de medidas e técnicas previas á coloración e á descoloración, e analiza o protocolo de aplicación.	Medidas de acomodación e protección da persoa usuaria e da profesional. Aplicación da proba de tolerancia á tintura. Pautas de aplicación da proba de tolerancia. Casos en que estea indicado aplicar técnicas previas. Pautas de aplicación das técnicas previas. Elección das técnicas previas. Técnicas previas de mordente, prepigmentación ou decapaxe.	30	20			X			
4	Aplicación de técnicas de coloración no cabelo e noutras zonas pilosas, seleccionando e xustificando o procedemento de traballo.	Bases científicas e os fundamentos da coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo e doutras zonas pilosas. Fases do proceso da coloración temporal, semipermanente e permanente. Pautas de aplicación dos colorantes temporais, semipermanentes e permanentes. Tipos de coloración temporal, semipermanente e permanente coas técnicas de aplicación. Características dos cosméticos usados nos cambios de cor doutras zonas pilosas, como barba, bigote e cellas. Secuencia dos pasos que cumpra seguir nas técnicas de coloración temporal, semipermanente e permanente do cabelo. Tipos de técnicas de coloración parcial. Técnicas complementarias nos procesos de coloración. Variables que determinan o proceso de coloración. Avaliación do resultado obtido. Normas para a xestión dos residuos xerados.	82	20				X		
5	Aplicación de técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o procedemento de traballo e o resultado final.	Fundamentos da descoloración. Fases do proceso de descoloración. Variables que afectan o proceso de descoloración. Técnicas de hidratación do cabelo postratamento. Cosméticos descolorantes sobre cabelo con cor natural e sobre cabelo tinguido. Grao de descoloración co tempo de exposición, como factor determinante do proceso. Técnicas de descoloración para a realización de mechas. Técnicas de retoques. Medidas de precaución e normas de seguridade. Normas para a xestión dos residuos xerados.	60	20					X	

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					84300					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
6	Establecemento de pautas de asesoramento, determinando os coidados e o mantemento da cor.	Relación entre as características do cabelo cos cosméticos de mantemento. Vinculación as pautas de mantemento coa permanencia da cor. Precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados. Proposta de medidas para mellorar o resultado do servizo. Criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos. Obtención de información sobre o grao de satisfacción da clientela.	20	10						X
Total:			252							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Propón cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas, tendo en conta a relación entre o seu estado e as demandas e os estilos presentados.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer e distinguir a escala de tons da cor natural do cabelo 1.2 Tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores. 1.3 Identificar os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor 1.4 Examinar o estado do coiro cabeludo e do cabelo. 1.5 Recoñecer a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso.	1	Proposta cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas.	10,0
2.1 Recoñecer as características especiais doutras zonas pilosas	2	Proposta de cambios de cor noutras zonas pilosas	5,0
3.1 Diferenciar os tipos de cambios de cor. 3.2 Identificar as tendencias de moda na coloración do cabelo. 3.3 Identificar as necesidades e as demandas da clientela para a proposta de cambio.	3	Relación entre o estado do cabelo e as demandas e os estilos presentados.	5,0
4.1 Deseñar a ficha da clientela. 4.2 Rexistrar na ficha técnica dos datos obtidos.	4	Ficha da clientela	10,0
TOTAL			30

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identificouse a escala de tons da cor natural do cabelo.	● PE.1 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD	S	10
CA1.2 Distinguíronse os tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores.	● TO.1 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno	S	9
CA1.3 Identifícaronse os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor.	● LC.1 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno	S	9
CA1.4 Examinouse o estado do coiro cabeludo e do cabelo.	● PE.2 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD	S	9
CA1.5 Recoñeceuse a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso.	● PE.3 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD	S	9

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Recoñecéronse as características especiais doutras zonas pilosas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD 	S	9
CA1.7 Diferenciáronse os tipos de cambios de cor.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD 	S	9
CA1.8 Identifícanse as tendencias de moda na coloración do cabelo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD 	S	9
CA1.9 Deseñouse a ficha da clientela.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno 	S	9
CA1.10 Identifícanse as necesidades e as demandas da clientela para a proposta de cambio.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno 	S	9
CA1.11 Rexistráronse na ficha técnica os datos obtidos.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno 	S	9
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Cor natural do cabelo: características e escala de tons e reflexos.</p> <p>Teoría da cor e a súa influencia nos procesos de cambios de cor. Propiedades da cor: ton, intensidade e reflexo. Escalas de tons, reflexos e matices. Cartas de cores.</p> <p>Identificación dos aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. Estudo estético. Estudo das características do coiro cabeludo e do estado do cabelo. Características especiais doutras zonas pilosas: barba, bigote e cellas. Influencia das alteracións cromáticas do cabelo nos procesos de cambios de cor.</p> <p>Clasificación dos procesos de cambios de cor capilar: segundo a duración dos efectos, a composición dos cosméticos e a acción sobre o talo capilar.</p> <p>Estilos nos cambios de cor: tendencias.</p> <p>Ficha técnica da clientela.</p> <p>Proposta de cambios de cor: Análise das necesidades e das demandas da clientela. Adaptación ás necesidades e demandas, e ás características persoais.</p> <p>Aplicaranse os contodos da Unidade Didáctica anteriores</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proposta cambios de cor do cabelo e noutras zonas pilosas. - A escala de tons da cor natural do cabelo. Tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores. Aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. Estado do coiro cabeludo e do cabelo. Influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos contidos da actividade. • Moderación debate e participación nos puntos que os alumnos non tratan. • Axuda na búsqueda de material utilizado no módulo en internet. • Resolver dúbidas 	<ul style="list-style-type: none"> • Toma de apuntes • Examina o estado do coiro cabeludo e do cabelo. • Recoñece a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso. • Respostas oráis • Debatir • Búsqueda de información na internet • Consulta de libros de texto. • Respostas escritas. • Distingue os tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores. • Identifica os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. • Identifica a escala de tons da cor natural do cabelo 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar os aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. • Distinguir os tons e os reflexos da cor do cabelo nas cartas de cores. • Identificar a escala de tons da cor natural do cabelo • Examinar o estado do coiro cabeludo e do cabelo. • Recoñecer a influencia das alteracións e a cor do cabelo no proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pendrive. • Dvd. • Demostracións das casas comerciais e de perrucarías. • Tablet • Cosméticos, útiles e ferramentas do taller • Teclado inalámbrico • Microfono inalámbrico • Cartas de cor. • Folletos dos cosmético • Aulas (común, taller e informática). . • Internet. • Libros. • Apuntes. • Proxector. • Ordenador. • Láminas. • Revistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno • PE.1 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD • PE.2 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD • PE.3 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD • TO.1 - Sobre o traballo que desenvolve diariamente o alumno 	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Establécense pautas de asesoramento, determinando os coidados e o mantemento da cor - Pautas de asesoramento, determinando os coidados e o mantemento da cor. Características do cabelo cos cosméticos de mantemento. Pautas de mantemento coa permanencia da cor Precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados. Medidas para mellorar o resultado do servizo. Criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos. Información sobre o grao de satisfacción da clientela.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos contidos da actividade. Moderación debate e participación nos puntos que os alumnos non traten. Axuda na búsqueda de material utilizado no módulo en internet. Resolver dúbidas 	<ul style="list-style-type: none"> Toma de apuntes Propón medidas para mellorar o resultado do servizo. Determina os criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos. Obten información sobre o grao de satisfacción da clientela Respostas oráis Debatir Búsqueda de información na internet Consulta de libros de texto. Respostas escritas. Relaciona as características do cabelo cos cosméticos de mantemento Vincula as pautas de mantemento coa permanencia da cor. Identifica as precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados 	<ul style="list-style-type: none"> Relacionar as características do cabelo cos cosméticos de mantemento Vincular as pautas de mantemento coa permanencia da cor. Identificar as precaucións que cumpra tomar para o coidado dos cabelos descolorados Propor medidas para mellorar o resultado do servizo. Determinar os criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos. Obter información sobre o grao de satisfacción da clientela 	<ul style="list-style-type: none"> Aulas (común, taller e informática). Pendrive. Internet. Proxector. Ordenador. Tablet. Teclado inalámbrico. Microfono inalámbrico Libros. Apuntes. Láminas. Revistas. Dvd. Demostracións das casas comerciais e de perrucarias. Cosméticos, útiles e ferramentas do taller Cartas de cor. Folletos dos cosméticos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD PE.2 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD PE.3 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD PE.4 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD PE.5 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD PE.6 - Sobre os contidos explicados nas distintas UD 	20,0
TOTAL						20,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Estabéllese como mínimo exigible para alcanzar a avaliación positiva no conxunto do Módulo que o/a alumno/a teña superado positivamente os Criterios de Avaliación cos contidos asignados sinalados para cada unha das Unidades Didácticas, avaliados segundo o procedemento indicado para cada caso (proba escrita, lista de cotexo ou táboa de observación) , así como o cumprimento dos valores indicados no apartado "Programación da educación en valores" segundo os criterios alí sinalados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Didácticas.

Contidos mínimos exigibles por Unidade Didáctica:

Na UD 1 Proposta de cambios de cor

- A cor natural do cabelo: características e escala de tons e reflexos.
 - Teoría da cor e a súa influencia nos procesos de cambios de cor.
 - Propiedades da cor: ton, intensidade e reflexo.
 - Escala de tons, reflexos e matices. Cartas de cores.
- Identificación dos aspectos que condicionan o proceso de cambio de cor. Estudo estético.
- Estudo das características do coiro cabeludo e do estado do cabelo.
- Características especiais doutras zonas pilosas: barba, bigote e cellas.
- Influencia das alteracións cromáticas do cabelo nos procesos de cambios de cor.
- Clasificación dos procesos de cambios de cor capilar: segundo a duración dos efectos, a composición dos cosméticos e a acción sobre o talo capilar.
- Estilos nos cambios de cor: tendencias.
- Ficha técnica da clientela.
- Proposta de cambios de cor:
 - Análise das necesidades e das demandas da clientela.
 - Adaptación ás necesidades e demandas, e ás características persoais.

Na UD 2 Preparación da área de traballo e das operacións previas aos cambios de cor

- Área de cambios de cor capilar: espazos, equipamento e ambiente.
- Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).
- Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.
- Importancia do traballo en equipo.
- Recepción e atención á clientela para o proceso de cambios de cor. Normas para a primeira cita.
- Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
- Seguridade e hixiene nos procesos de cambios de cor. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.
- Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante os procesos de cambios de cor. Hixiene postural e ergonómia.
- Utensilios e materiais: descrición, características e pautas de utilización.

- Criterios de selección do produto colorante, do produto oxidante e do cosmético descolorante: pautas de preparación e manipulación.
- Cosméticos específicos para os cambios de cor en cellas.
- Criterios de selección de métodos de hixiene, desinfección e esterilización: pautas de aplicación.

Na UD3 Aplicación de medidas e técnicas previas

- Medidas de seguridade nos procesos de cambio de cor capilar: criterios de preparación e acomodación da clientela e medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
- Proba de tolerancia: pautas e criterios de realización.
- Técnicas previas á coloración permanente: procedementos de traballo.
- Precaucións: técnicas de mordente, prepigmentación e decapaxe.

Na UD 4 Aplicación de técnicas de coloración

Proceso de coloración temporal e semipermanente. Técnicas de aplicación de colorantes vexetais, metálicos sintéticos e mesturas: formas cosméticas, procedemento, fases e pautas de aplicación.

- Procesos de coloración permanente total: procedemento, fases e pautas de aplicación.
- Factores que interveñen na aplicación. Técnicas complementarias.
- Procesos de coloración permanente parcial: procedemento, fases e pautas de aplicación.
- Factores que interveñen na aplicación. Técnicas complementarias.
- Variables que determinan o proceso de coloración.
- Control do proceso.

Na UD 5 Aplicación de técnicas de descoloración no cabelo e noutras zonas pilosas

- Fundamentos da descoloración.
- Variables ou factores que determinan o proceso de descoloración. Métodos e técnicas para acelerar o proceso: calor húmida, vapor, calor seca, infravermellos, etc.
- Técnicas da descoloración total do cabelo e outras zonas pilosas: fases e tempos do proceso. Pautas de aplicación do descolorante en cabelos naturais e tinguidos.
- Técnicas da descoloración parcial do cabelo e outras zonas pilosas: fases e tempos do proceso. Pautas de aplicación con gorro, con papel, con peite, etc.
- Descoloración como técnica previa á coloración.
- Procedemento de aplicación de retoques.
- Precaucións e normas de seguridade para a descoloración.
- Control do proceso de descoloración.

Na UD 6 Establecemento de pautas de asesoramento nos cambios de cor

- Cosmética reparadora de mantemento do cor. Criterios de selección e manipulación.
- Asesoramento na venda de cosméticos de mantemento e coidados do pelo descolorado e coloreado.
- Pautas para o mantemento da cor e coidado do pelo descolorado.

-Parámetros que definen a calidade nos procesos de cambios de cor capilar.

Para poder ser avaliados empregando estes mínimos e dado o carácter eminentemente práctico que ten este módulo, os/as alumnos/as deberán cumprir tamén as seguintes condicións:

- Colaborar de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
- Ter rematado en prazo os traballos e entregado as memorias correspondentes.

Compre sinalar que, dada a complementariedade de coñecementos que aportan as distintas Unidades Didácticas que constitúen o módulo, o concepto de avaliación continua será de aplicación dentro de cada unha das devanditas Unidades Didácticas, polo que para obter una avaliación positiva na totalidade do módulo será imprescindible ter superadas todas e cada unha das Unidades Didácticas por separado e conxunto, con independencia da nota posta nas avaliacións parciais realizadas ao longo do curso.

Cando non sexa de aplicación este apartado o/a alumno/a será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para a recuperación das partes non superadas, agás no caso de térselle aplicado unha prohibición para a realización de prácticas, segundo o indicado no apartado Dereito á realización das prácticas na aula, sendo, entón, avaliado segundo o sinalado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

Á realización destes traballos ou probas presupóñenselle a aplicación correcta dos contidos empregados durante o curso. No caso contrario podería anularse dito traballo ou proba.

O alumnado realizará tarefas de coloración capilar tanto en bonecas coma en modelos reais.

1ª AVALIACIÓN

A parte do traballo teórico/práctico realizado en cada sesión o alumno completará todo o proceso de coloración capilar de cabelo con diferentes técnicas, materiais e produtos sobre perrucas cando non sexa posible realizalo en modelos reais. (5 tintes en modelos reais, 3 mechás con peine, 3 mechás con gorro, 3 mechás con papel prata)

2ª AVALIACIÓN

A parte do traballo teórico/práctico realizado en cada sesión o alumno completará todo o proceso de 5 descoloracións de cabelo con diferentes técnicas, materiais e produtos en perruca cando non sexa posible en modelos reais, pero sendo obrigatorio realizalo en 2 modelos reais polo menos. Tendo en conta o tempo empregado, a cidade do traballo, limpeza, resultado final tanto de cor coma de peiteado. (decoloración total, diferentes mechás e 1 traballo de bicolor)

PARA APROBAR CADA AVALIACIÓN A NOTA MINIMA NA PARTE TEÓRICAS SERÁ 5 E NA PARTE PRÁCTICA 5.

A NOTA VIRÁ DADA NUN 30% POLA PARTE TEÓRICA E UN 70% POLA PARTE PRÁCTICA, E AS LISTAS DE COTEXO RELACIONADAS COA ATENCIÓN, COMPAÑEIROS, IMAXE, HIXIENE, DESINFECCIÓN E SEGURIDADE NO TALLER E NO USO DO MATERIAL E PRODUTOS. SE ALGUÉN NON SUPERA ALGÚN DESTES APARTADOS DA LISTA DE COTEXO NON PODERÁ APROBAR (E PRECISO, NESTA MEDIA DE NOTAS ACADAR UN MÍNIMO DE 5 PARA SUPERAR A AVALIACIÓN)

A partir do punto anterior a nota de cada avaliación será:

Se o alumno non obtén un 5 na parte teórica non poderá aprobar a avaliación

Se o alumno non obtén un 5 na parte práctica non poderá aprobar a avaliación

No caso de aprobar a avaliación a nota virá dada nun 30% pola nota teórica e nun 70% pola práctica. Unha vez calculada, se as décimas superan o 5 porase a nota enteira seguinte (exemplo un 7,6 será un 8 na avaliación).

A nota final será a nota obtida na 2ª avaliación porque nela aplicamos os coñecementos teórico prácticos de todo o curso e servirá asimismo de recuperación no caso de suspender a primeira avaliación

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consistiran no resumo dos contidos desenvolvidos durante o curso, nas distintas unidades didácticas e irán encamiñadas a acadar os mínimos esixibles que se recollen en cada módulo e que aparecen especificadas nesta programación.

Este procedemento aplicarase no caso daqueles/as alumnos/as que non acaden unha avaliación positiva no discorrer normal do curso e non responda globalmente aos obxectivos programados nas medidas de reforzo educativo.

As actividades de recuperación constarán de dúas partes (haberá que superar as dúas positivamente para acadar o aprobado):

A) Haberá unha proba teórica de tres sesións de duración máxima. O alumno terá que respostar preguntas relativas aos mínimos esixibles + criterios de avaliación correspondentes (e non superados) desenvolvidos durante o curso. Tamén se lle pode solicitar algún traballo que debe entregar no tempo indicado.

B) Haberá unha proba práctica (subdividida en varios traballos) de tres sesións de duración máxima. O alumno terá que demostrar mediante unha ou varias probas prácticas sobre maniquies os mínimos esixibles + criterios de avaliación correspondentes (e non superados) desenvolvidos durante o curso.

EN CANTO AO PESO PARA CADA UNHA DAS PARTES (TEÓRICA E PRACTICA - O ALUMNO PODE NON TER SUPERADO UNHA DELAS OU AS DÚAS) TEREMOS EN CONTA QUE O ALUMNO DEBERÁ SER AVALIADO POSITIVAMENTE EN CADA UNHA DAS PARTES DO PROCESO DE RECUPERACIÓN, e dicir, un 5 en teoría e un 5 en cada una das subdivisións da parte práctica .

As actividades de recuperación realizaranse coincidindo co remate do curso xa que a avaliación é continua e cada Unidade Didáctica require dos coñecementos da anterior. Neste caso antes das FCTs). Teremos en conta o informe individualizado.

Se o alumno obtén menos dun 5 na parte teórica non poderá aprobar a recuperación

Se o alumno obtén un menos dun 5 na parte práctica non poderá aprobar a recuperación

No caso de aprobar a avaliación a nota virá dada nun 30% pola nota teórica e nun 70% pola práctica. Unha vez calculada, se as décimas superan o 5 porase a nota enteira seguinte (exemplo un 7,6 será un 8 na avaliación).

Será condición indispensable para acceder ás actividades de recuperación non ter perdido o dereito á avaliación continua, segundo o expresado no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Igualmente, para estas probas terá a consideración de mínimo esixible o cumprimento dos valores indicados no apartado Programación da educación en valores segundo os criterios alí indicados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Didácticas.

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aplicarase este procedemento cando o/a alumno/a:

- Teña perdido o dereito á avaliación continua.
- Non colaborara de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
- Non rematara en prazo os traballos
- Non lle fosen aplicables ou non superase as actividades de recuperación propostas no módulo.

Neste caso o/a alumno/a terá que realizar para unhas probas consistentes nun dobre exame teórico e práctico

- A) Haberá unha proba teórica de tres sesións de duración máxima. O alumno terá que respostar preguntas relativas aos mínimos esixibles desenvolto durante o curso. Tamén se lle pode solicitar algún traballo que debe entregar no tempo indicado.
- B) Haberá unha proba práctica de seis sesións de duración máxima. O alumno terá que demostrar mediante unha ou varias probas prácticas sobre maniquies os mínimos esixibles + criterios de avaliación correspondentes desenvolto durante o curso.

Na proba práctica o alumnado terá que traer modelo para poder realizar as probas que se lle pidan de carácter práctico, tinte, decoloración parcial (mechas).

Sendo un requisito a non comunicación coa modelo durante a proba ou as probas .

Para estas probas terase en conta o Informe Individualizado.

Estas probas realizaranse coincidindo co remate do curso e terán a amplitude suficiente para garantir que o/a alumno/a alcanza os mínimos esixibles tal e como se indica no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación polo que, dada a complexidade que supón a súa realización pero tendo a consideración dun único Exame Final Extraordinario, que deberá ser avaliado positivamente en todas e cada unha das súas partes para acadar a avaliación positiva

Igualmente, para estas probas terá a consideración de mínimo esixible o cumprimento dos valores indicados no apartado "Programación da educación en valores" segundo os criterios alí indicados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Formativas.

Se o alumno obtén menos dun 5 na parte teórica non poderá aprobar a proba extraordinaria

Se o alumno obtén menos dun 5 na parte práctica non poderá aprobar a proba extraordinaria

No caso de aprobar a avaliación a nota virá dada nun 30% pola nota teórica e nun 70% pola práctica. Unha vez calculada, se as décimas superan o 5 porase a nota enteira seguinte (exemplo un 7,6 será un 8 na avaliación).

Perda do dereito á avaliación continua nos ciclos de grao medio e de grao superior

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % e nun 20% contando xustificadas e non xustificadas respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignárase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación ás que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar co desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a. Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.

O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xurde situacións non previstas durante o curso.

Este seguimento realízase nas reunións de Departamento conforme aos criterios que se realiza ao principio de cada curso ou avaliación.

As modificacións faranse por escrito reflectíndoas na aplicación web -seguimento- que á súa vez inclúense na Acta de Departamento correspondente asinando polos profesores aos que lles afecte máis o xefe do Departamento. En caso de cambios informarase ao alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, DOG do 15 de xullo) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.

A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos. Dita información pode proceder:

- Dos informes de estudos cursados previamente
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso

Sen embargo, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación. Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o/a alumno/a adquira unha maior independencia formativa.

En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.

A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados no apartado -Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación-. Esta situación verase reflectida na -ficha do alumno- e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

Nota - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE

- Metodoloxía diversa
- Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundizan, considerando esenciais os mínimos esixibles.
- Proposta de actividades diferenciadas
- Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espazos de resposta mas ou menos amplos. Un exemplo podería ser flexibilizar as relacións nos proxectos deixando a posibilidade de outros alternativos que contemplan os contidos esenciais.
- Material didáctico non homogéneo
- Propoñer actividades que respondan a distintos grados de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.
- Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes
- Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida para os que sexa mas sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo
- A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas, propoñer distintas actividades de reforzo ou profundización e fomentar a cooperación

No caso do alumnado que, sen ter necesidades educativas especiais, poida precisar ao longo do curso dun apoio adicional e cando o reflectido na -ficha do alumno- así o aconselle, ofreceráselle a posibilidade de reforzar a súa aprendizaxe e mesmo recuperar partes non superadas.

Atoparanse nesta situación aqueles/as alumnos/as que:

- Non teñan perdido o dereito á avaliación continua.
- Colaboren de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
- Non acaden parcialmente os mínimos dunha Unidade Formativa (no caso no que o módulo estea dividido).
- Amosen a súa dispoñibilidade a traballar en autoformación.

Se cumpren os catro puntos, acordarase co/coa alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo necesario para realizar o traballo, estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de tutoría.

No caso de que, polo carácter dos mínimos a recuperar, sexa necesaria unha verificación práctica dos mesmos o/a alumno/a deberá realizar tamén unha proba práctica, normalmente coincidindo co Exame Final Extraordinario.

O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos. Para cada actividade procurárase ofrecer tres posibilidades:

- Unha común para todos os alumnos co fin de assimilar os contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de profundizar nos coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está íntimamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe a formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.

Con esta idea, fixéronse valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):

- Puntualidade no inicio e remate das tarefas.
- Asistiuse con puntualidade ás clases.
- Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.

- Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
- Rigor no manexo da documentación.
- Interpretáronse instrucións dos útiles/materiais, produtos, técnicas;
- Orde e método de traballo.
- Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.
- Traballo en equipo.
- Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesores.
- Calidade do traballo.
- Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
- Seguridade e hixieneno traballo.
- Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.
- Procurouse non desperdiciar materiais.
- Coidouse a reciclaxe.

O incumprimento de calquera destes Criterios de Avaliación impedirá obter unha avaliación positiva das Unidades Formativas e/ou do módulo. Así mesmo, o incumprimento de algún deles poderá significar a prohibición de realizar as prácticas no aula cando por razóns de seguridade, de prexuízo ao grupo ou por impuntualidade supoñan un risco ou unha diminución da avaliación obxectiva das mesmas. Neste caso o/a alumno/a será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua. Estas situación quedarán reflectidas na ficha do alumno.

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión proporanse os seguintes obxectivos:

- respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
- non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
- trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudos:

- facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...)
- informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais
- proporcionarase un autocoñecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos

O Medio Ambiente, será tratado directamente na aula e no entorno educativo polo que se propón:

- respecto aos criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos
- responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías
- potenciar o reciclado dos residuos
- evitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo. Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalguna Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliadas. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

- Cursos no IES con empresas do sector
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.

Neste curso engádense as seguintes actividades:

- Demostracións das casas comerciais (datas por confirmar)
- Vistita a balnearios, laboratorios de cosmética, centros de beleza.
- Halloween
- Nadal
- Entroido
- Protección solar
- Continuar cos traballos iniciados o curso pasado de portadas de dvd, cd e libros.
- Establecer una serie de conferencias alternas ou agrupadas entre o profesorado do IES e o alumnado. Nun principio do Ciclo
- Potenciar a lectura no Ciclo (tres libros por cabeza durante o curso)
- Potenciar o compromiso (cada mes os asinantes comprométese a, por exemplo, a non tirar comida)
- Intentar que vexan posturas opostas a falar de determinados temas, por exemplo, openarms e alguén da UE
- Actividades determinados mércores pola tarde de peiteados e maquillaxe sen consumir produtos dos diferentes módulos
- Cancións nas portas/tabláns, portas IM
- Colaboracións con outros departamentos do IES e outros IES ou Institucións
- Biblioteca
- Corte de cabelo para donación

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional dos nosos alumnos
- Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.
- Facilitarlles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades

Engadimos a colaboración coa biblioteca do propio Instituto e coas posibles actividades que desde ela se propoñan e así mesmo intentarase establecer vínculos con o IES Perdouro (Burela) a través:

- Do seu proxecto lingüístico (Modelo Burela, Proxecto Neo, Revista Maruxía)

- Dos seus Encontros de Banda Deseña
- Das ofertas de actividades que nos propoñan

Nota- A miña participación nas actividades propostas polo Instituto e o Departamento, e decir, as que non sexan a petición propia, estará condicionada a que se desenvolvan no horario de clases máis permanencia no centro correspondentes ao día de celebración.

10.Outros apartados

10.1) DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/productos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:

- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non teñan asistido ás explicacións referentes ao uso do material/técnicas da práctica.
- Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.

Cando, en base dalgún dos puntos anteriores, sexa de aplicación a prohibición de realizar as prácticas no aula o/a alumno/a afectado será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

10.2) SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións da UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Exemplo: Sendo a primeira UD teórica adiantar un pouco de práctica da segunda, non influíndo isto na duración (nun principio) das mesmas. Teremos tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade. Isto sucederá tamén entre a primeira e a segunda avaliación, por exemplo, intercambiando tinguiduras e descoloracións

10.3) FICHA DO ALUMNO

A ficha do alumno vai ser unha ferramenta básica para o/a profesor/a para garantir o correcto seguimento da evolución do alumnado. Vai conter como mínimo as seguintes informacións:

- * Datos persoais do/a alumno/a.
- * Grupo de traballo asignado.
- * Cadro de asistencia.
- * Cadro de seguimento das tarefas realizadas, incluíndo datas de inicio e remate, valoración da tarefa, etc.
- * Adaptacións específicas:
 - Reforzos.

10.4) Perda dereito de avaliación continua

O alumnado perderá o dereito de avaliación continua cando acade 10% de faltas de asistencia sin xustificar ou un 20% de faltas xustificadas e sen xustificar.

10.5) GUÍA DO PROFESOR

A guía do profesor vai permitir realizar un seguimento directo do curso, reflectindo tanta información sexa necesaria para valorar o cumprimento da programación e/ou propor melloras na mesma.

Deste xeito conterà, polo menos, para cada Unidade Didáctica e Actividade programada a seguinte información:

- * Datás de inicio e remate.
- * Sesións reais.
- * % de faltas do alumnado.
- * % de alumnado que aproba.
- * Grao de comprensión ou dificultade.
- * Observacións.

10.6) DESCRIPCIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DO SEU PESO NA AVALIACIÓN

Tal e como se sinala nos correspondentes apartados, os Criterios de Avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indicárase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas.

LC (Lista de Cotexo): serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio Cumpre ou Non Cumpre.

TO (Táboa de observación): avaliarase empregando unha Escala de Valoración (EV). Para o caso de traballos reflectidos na carpeta de traballo (como pode ser o caso das memorias das prácticas) aplicarase a EV: Ben, Regular, Mal. Para o caso das prácticas realizadas na aula serán avaliadas por observación directa dos resultados cunha EV numérica de 1 a 10.

10.7) RESOLUCIÓN 2019/2020

RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019/20.

Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no ano académico 2017/18 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nela está regulado o referente a:

- Renuncia, anulación e baixa de oficio de matrícula
- Renuncia á avaliación nalgunha convocatoria na formación profesional básica
- Validacións e exencións de módulos profesionais
- Perda do dereito á avaliación continua
- Solicitud de convocatoria extraordinaria
- Horario do ciclo formativo
- Horario do profesorado de centros públicos
- Titoría de ciclos
- Períodos para a realización de propostas de títulos
- Módulo profesional de Segunda lingua estranxeira
- Módulo profesional de Proxecto
- Módulo profesional de Proxecto integrado
- Módulo de formación en centros de traballo nos ciclos de formación profesional básica
- Alumnado repetidor dun ciclo de formación profesional básica
- Título de graduado en ESO para alumnado que obteña o título de formación profesional básica
- Módulos nos programas formativos de formación profesional básica
- Avaliación nos programas formativos de formación profesional básica
- Desenvolvemento da formación profesional dual
- Matrícula de honra en ciclos formativos
- Requisitos das persoas solicitantes de probas libres de títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Materiais en formación profesional a distancia
- Actas de avaliación en centros privados e públicos non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Prazas vacantes do réxime ordinario ocupadas polo alumnado en réxime de persoas adultas
- Calendario de acceso e admisión para o curso 2017/18 nas ensinanzas de formación profesional básica sostidas con fondos públicos

Disposición derradeira primeira. Difusión -desta resolución-

1. A dirección dos centros educativos que impartan estas ensinanzas arbitrará as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.
2. Os departamentos territoriais, a través dos servizos territoriais de inspección educativa e dos directores e directoras dos centros educativos, garantirán o cumprimento do disposto na presente resolución e asesorarán sobre o seu contido.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2019

10.8) NÚMERO DE ALUMNOS

O NÚMERO DE ALUMNOS VAI CONDICIONAR O NÚMERO DE TRABALLOS ESIXIBLES O QUE SE IRÁ CONCRETANDO NO SEGUIMENTO



DESTA PROGRAMACIÓN

10.9) NOF

De obrigatorio cumprimento poderá condicionar a nota do alumnado (Exemplo, se un/una alumno/a é expulsado tres días nese tempo non realiza as tarefas programadas)

10.10) NEUROEDUCACIÓN NA AULA

Se hai tempo durante o desenvolvemento do curso aplicaránse técnicas que fomenten a atención, motivación... relativas aos coñecementos que se estean a producir nesta campo

10.11) ATENCIÓN PLENA

Tamén coñecida como Mindfulness. Sempre que se dea a ocasión, ao igual que no apartado anterior, aplicaranse estas técnicas para centrar a atención dos alumnos, a súa relaxación, etc

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0844	Cosmética para peiteado	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO CID BORRAJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación corresponde ao módulo de cosmética para peiteado, do ciclo formativo Peiteado e Cosmética Capilar de grao medio. Este ciclo formativo proporciona unha formación básica profesional e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou a continuidade de estudos a través dos ciclos formativos de Grao Superior, previa superación da proba de acceso. A duración é dun curso académico, desenvolvéndose a totalidade do módulo no propio centro I.E.S.12 Outubro. Centro situado na Av. de Santiago, 2. 32001 Ourense.

Como se da unha gran variedade de situacións no contexto socio - laboral, para cada alumno, planificouse esta programación, adaptándoa á realidade da zona, tipo de alumnos, situación do centro escolar, entorno social, etc.

A figura de Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar, exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servicios persoais" e máis concretamente na actividade de Perruquería, desenvolvendo os procesos de prestación de servizos, de asesoramento e atención permanente ó cliente en:

- _ Salóns de beleza.
- _ Departamentos de beleza de empresa dedicada ó tratamento da imaxe persoal integral.
- _ Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
- _ Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servizos fúnebres.
- _ Clínicas de medicina estética.
- _ Departamento de estética das TV.
- _ Estudos de gravacións.
- _ Estudos de fotografía e vídeo.
- _ Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, ...
- _ Escolas de asesoría de imaxe.

No I.E.S. 12 Outubro, impártense dous ciclos medios e un superior da familia Imaxe Persoal en réxime ordinario: Estética Persoal Decorativa, Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar e Estética integral e benestar, convivindo con outras Familias profesionais e outras ensinanzas como son a E.S.O. e os Bacharelatos.

O Centro posee todo tipo de instalacións:

Aulas Taller dos diferentes ciclos	Pabellón deportivo
Biblioteca	Aulas comúns
Departamentos	Aulas polivalentes
Salas do Profesorado	Aulas de Informática
Despachos do equipo directivo	Laboratorios de física, bioloxía
Secretaría	Salón de actos
Conserxería	Ximnasio
Bar	

Os alumnos de ensinanza obligatoria acuden ao centro no transporte escolar. Hay servizo de comedor. O alumnado do módulo é maioritariamente feminino. A súa procedencia é rural xeralmente do municipio ou municipios limítrofes, desprázanse ó centro tanto en transporte público como particular. O nivel sociocultural e o nivel socioeconómico familiar é variado. Respecto ao nivel académico, son alumnos procedentes da ESO, ESA ou bacharelato, e tamén dalgún outro ciclo, xeralmente do ciclo medio de Estética.

Este módulo, relaciónase directamente con outros módulos do ciclo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					MP0844_00					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	Identificar os compostos químicos presentes nun cosmético, o pH e saber diferenciar as principais reaccións químicas que teñen lugar no cabelo coa aplicación de determinados cosméticos.	40	25	X					
2	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	Coñecer os útiles, equipamentos, materias primas e operacións para a preparación de cosméticos sinxelos.	25	20		X				
3	Selección de cosméticos para procesos técnicos de peiteado	Identificar os principios activos dos cosméticos empregados nos diferentes traballos técnicos de perrucaría.	85	25			X			
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino.	Describir os cosméticos empregados nos procesos de manicura, pedicura, tratamento de mans e pés e afeitado masculino.	22	20				X		
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos.	Coñecer a normativa para a aplicación, manipulación e almacenamento de produtos cosméticos e as medidas hixiénicas na súa preparación.	10	5					X	
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado.	Analizar as liñas comerciais de cosméticos de peiteado	10	5						X
Total:			192							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.	1	Concepto de átomo, molécula e compostos orgánicos e inorgánicos.	13,0
2.1 Diferenciar as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.	2	Expresións de concentración	10,0
3.1 Clasificar as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.	3	Clasificación das substancias químicas.	3,0
4.1 Describir as reaccións redox en que interveñan os cosméticos.	4	Reaccións redox	2,0
5.1 Xustificar o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.	5	Formulación cosmética	2,0
6.1 Definir os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizar a función de cada un.	6	Composición dun cosmético	1,0
7.1 Identificar as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.	7	Características dun cosmético	1,0
8.1 Establecer a diferenza entre medicamento e nutricosmético	8	Explicar o concepto de nutricosmético e a súa regulamentación	2,0
9.1 Relacionar as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.	9	Función dun cosmético	1,0
10.1 Indicar a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe.	10	Normativa do etiquetaxe dun cosmético	2,0
11.1 Identificar as substancias prohibidas y restrinxidas.	11	Sustancias prohibidas ou restrinxidas nun cosmético	1,0
12.1 Valorar a importancia do Marketing na venda de productos cosméticos	12	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado.	2,0
TOTAL			40

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.			0
CA1.1.1 Identifícanse os átomos que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.	● PE.1 - Contidos mínimos	S	6
CA1.1.2 Identifícanse os ións que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.	● PE.2 - Contidos mínimos	S	6
CA1.1.3 Identifícanse as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.	● PE.3 - Contidos mínimos	S	6

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.			0
CA1.2.1 Identifícanse as expresións de medidas de concentracións das mesturas de uso cosmético.	● PE.4 - Contidos mínimos	S	6
CA1.3 Clasifícanse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.			0
CA1.3.1 Clasifícanse as substancias químicas segundo o seu pH.	● PE.5 - Contidos mínimos	S	6
CA1.3.2 Clasifícanse as mesturas químicas segundo o seu pH.	● PE.6 - Contidos mínimos	S	4
CA1.4 Descríbense as reaccións redox nas que interveñen os cosméticos.			0
CA1.4.1 Descríbense as reaccións redox	● PE.7 - Contidos mínimos	S	6
CA1.5 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.			0
CA1.5.1 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas	● PE.8 - Contidos mínimos	S	8
CA1.6 Identifícanse as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.			0
CA1.6.1 Defínense as propiedades dun cosmético.	● PE.9 - Contidos mínimos	S	8
CA1.7 Estableceuse a diferenza entre medicamento e nutricosmético.			0
CA1.7.1 Explicouse o concepto de nutricosmético	● PE.10 - Contidos mínimos	S	7
CA1.8 Defínense os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analízase a función de cada un.			0
CA1.8.1 Defínense os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos	● PE.11 - Contidos mínimos	S	5
CA1.9 Relacionáronse as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.			0
5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

.Os mínimos exigibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado 4.c de cada unha das unidades didácticas).

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de:

- Unha avaliación inicial para detectar as ideas previas dos alumnos/as que se levará a cabo ben mediante un cuestionario ou un debate de exposición de ideas.
- Unha avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.
- Unha avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avaliaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Estas probas escritas poderán constar de:

- a) Preguntas de desenvolver
- b) Preguntas curtas
- c) Preguntas tipo test
- d) De unir con frecha.
- e) De sinalar verdadeiro ou falso coa opción de formular correctamente os enunciados incertos.
- f) De realizar esquemas ou sinalar en gráficos.

O número de probas escritas que se realizarán no trimestre será a criterio do profesor. No caso de que se realicen dúas ou máis probas por trimestre será necesario alcanzar unha cualificación mínima de 5 en cada unha delas. Si nalgunha das probas non se acadase esta cualificación mínima de 5, a cualificación correspondente as probas escritas non será superior a 4.

A cualificación farase cunha nota numérica sobre 10 puntos. Para superar o módulo será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación final

Emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente que será a media aritmética das cualificacións obtidas ao longo do trimestre.

A non asistencia a algunha das probas escritas suporá a necesidade de presentarse á proba de recuperación da avaliación. En ningún caso se realizará a repetición das probas escritas, salvo causa xustificada.

As recuperacións dos parciais faranse ao remate da última avaliación. O feito de copiar un exame supón a retirada de dito exame e un cero de nota.

A nota de cada avaliación será a media aritmética obtida entre todas as probas avaliadas sempre que estean todas aprobadas.

Si alguna das probas avaliadas está suspensa a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación será: aqueles que teñan todas as probas da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada proba de 5 puntos. A nota da avaliación será o resultado da media aritmética de todas as probas. Se existise fracción decimal na nota media, procederase do seguinte xeito:

- Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso
- Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en alguna proba que non acade os 5 puntos. Se existise fracción decimal ao facer a media das unidades para obter a nota media da avaliación, en ningún caso se redondeará á alza a fracción decimal. A máxima nota neste caso será 4.

A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media aritmética das notas obtidas nas avaliacións, sempre e cando estean aprobadas.

A consecución dos contidos actitudinais non se reflectirá como unha parte da nota do alumnado. Presuponse a asistencia habitual a clase do alumnado, o comportamento correcto e a súa actitude participativa, de xeito que non se puntuará positivamente a asistencia, o bo comportamento ou a actitude

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o período ordinario realizaranse actividades de recuperación no caso de que o alumnado non superase algunha avaliación, na súa totalidade ou algunha parte. As recuperacións realizaranse despois da terceira avaliación.

Se tras estas recuperacións o alumno segue a ter algunha proba suspensa deberá realizar o exame final de xuño ca correspondente proba. Na avaliación final, realizarase unha proba escrita que avaliará os CA.

Será necesario acadar un 5 para poder superar esta proba.

O alumnado de 2º curso que teña o módulo pendente realizará unha única proba previa á realización da FCT que consistirá en: Proba escrita tipo test/pregunta curta e supostos prácticos escritos tipo test/pregunta curta. Será necesario acadar un apto (50 %) para poder superar esta proba, e un mínimo de 50 % en cada un dos instrumentos para que as cualificacións de ambas partes podan ser tidas en consideración.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Polo carácter continuo da avaliación, nas modalidades de ensino profesional será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos, se o número de faltas inxustificadas nun determinado módulo é superior ao 10 % respecto da súa duración implicará a PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA (Orde 12 de xullo de 2011). Neste caso o módulo ten unha duración de 192 sesións polo que o límite de ausencias será de 20 sesións, e este alumnado, se a profesora o considera, poderá asistir a clases como oínte e deberá: Presentarse a unha proba final que recolla todos os criterios de avaliación de cada unha das unidades. (Para superar o módulo necesitarase un mínimo 5 puntos sobre 10).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación avaliase de forma continua nās reunións de ciclo e de departamento ,nas que se fai o seguimento.

A profesora responsable do módulo , debido ao carácter necesariamente aberto da programación: poderá introducir axustes que, sin modificar a programación nos seus fundamentos, facilite o seu desenrolo máis adecuado ás características grupais, individuais e/ou do propio desenrolo lo curso escolar.

A profesora responsable do módulo rexistra diariamente as incidencias no seguimento do módulo e a súa impartición diaria, con actividades realizadas, temas transversais tratados, etc, completando con apontamentos no parte diario de aula.

A avaliación final e completa realizase coa memoria final do modulo incluída na memoria de ciclo e na memoria do departamento, onde constarán os datos máis relevantes do desenvolvemento da programación o longo do curso, segundo plantilla do departamento/centro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comenzo das actividades do curso. Transcurrido polo menos 1 mes, o equipo docente realiza unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría dan a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo

especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non acadan os obxectivos das actividades ou, polo contrario, que alcanzan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos prantexaranse alternativas, como:

- Ofrecer actividades:

+ Comúns para todo ó alumnado con fin de asimilar os contidos mínimos.

+ Máis complexas para o alumnado que acade os obxectivos previstos, onde se afofunde nós coñecementos adquiridos.

+ Máis sinxelas, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

- Seguimento, máis preto, do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

- No caso de alumnado con necesidades especiais, correspondentemente INFORMADAS, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, alumnos con dificultades de idioma..., elaborárase a adaptación curricular axeitada.

- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas (de ser o caso): no mes de Xuño: realízanse probas orais ou/e escritas e/ou prácticas, podendo incluír tamén a realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos.

* Supoñendo o máximo esforzo por parte do alumnado afectado.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

.- Educación moral e cívica: Conseguir cos xóvenes adquiran normas democráticas e xustas.

.- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: Desde calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando usar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introduci-la dimensión de igualdade.

.- Educación para a paz: Fomenta-los valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. Na unidade 4 vemos que as doazóns de sangue é un xesto que simboliza como poucos a solidariedade entre os seres humanos. O mesmo pódese dicir da doazón de órganos.

.- Educación ambiental: Respeto polo entorno físico e natural.

.- Educación para a saúde, sexual, alimentación e calidade de vida e imaxe persoal: É a transversal por excelencia. O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valora-la saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e alimentación, e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo do tabaco, alcohol e outras drogas. É moi importante cando estudiamos os ósos e os músculos, tratar o tema de adoptar posturas correctas para prever lesións na columna vertebral, varices, etc. . Tamén é importante destaca-los beneficios do exercicio físico: o noso sistema locomotor necesita exercicio para que as articulacións funcionen correctamente.

Importancia tamén dunha boa alimentación para o noso pelo e pel.

A educación sexual cos contidos referentes a hixiene nas prácticas sexuais, as medidas preventivas de embarazos e de transmisión de enfermidades, etc.

.- Educación do consumidor. Pretendese a responsabilidade dos alumnos como consumidores, incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles como consumidores (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas, ¿). Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

=> SEGUNDO SE VAN TRATANDO: VAISE REFERINDO NO APARTADO OBSERVACIÓNS, NO SEGUIMENTO DE CADA UNIDADE DIDÁCTICA

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Entre as actividades que se poden realizar están:

- Seguimento das novas publicacións, como libros, vídeos, revistas, etc.
- Visitas a museos, exposicións, feiras, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- Elaboración de material didáctico en ordenador, debuxos, fotografías, maquetas, posters, etc.
- Realizar algún curso de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.
- Realización dalgún cursiño sobre temas profesionais como cor, unllas, etc.
- Visitas a fábricas de cosméticos, empresas do sector etc.
- Charlas sobre dietética, nutrición, bulimia, anorexia,sexualidade.. por especialistas/médicos, ou outros temas de interese. .

E as que poidan xurdir ao longo do curso escolar e a profesora responsable do módulo considere de interese para o módulo ou o ciclo, coa aprobación de dirección.

ESTE CURSO ESCOLAR: DEPENDERÁN NA SÚA REALIZACIÓN, DAS MEDIDAS EDUCATIVO-SANITARIAS

10.Outros apartados

10.1) AULA VIRTUAL

Utilizarase a Aula Virtual do IES, xunto co manual proposto para o seguimento do módulo, para:

1. Correspondencia co alumnado para aportar información relacionada co módulo:

- Formación curricular (avaliable).
- Actividades curriculares (avaliables).
- Seguimento do módulo

2. Será o medio de formación en caso confinamento/illamento. Os exames de ser posible sempre serán realizados de forma presencial.

10.2) LIBRO DE TEXTO

COMO MANUAL OBLIGATORIO PARA SEGUIMIENTO DEL MÓDULO :

- COSMETICA APLICADA A PELUQUERÍA
ED PARANINFO
ISBN 13: 978-84-9732-378-9

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0845	Técnicas de corte do cabelo	2023/2024	12	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL MAR ALVELA SILVA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Dirixido ao alumando do ciclo formativo Peiteado e cosmética capilar, da familia profesional Imaxe Persoal, desenvólvese nunha cidade media tendo como zona de influencia a maior parte da provincia con un número de poboación baixo. Conta con moitas empresas de servizos deste campo profesional representado no mercado laboral por pequenas empresas maioritariamente. O alumnado procede da cidade e practicamente de toda a provincia.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolve tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Adoitan actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Peiteador/ora.
- Barbeiro/a.
- Técnico/a en coloracións capilares.
- Técnico/a en cambios de forma do cabelo.
- Técnico/a en corte de cabelo.
- Técnico/a en postizaría.
- Técnico/a en manicura.
- Técnico/a en pedicura.
- Técnico/a ou axente comercial de empresas do sector.
- Recepcionista en empresas de peiteado.
- Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado.

O perfil profesional deste título marca unha evolución cara ás competencias relacionadas co desenvolvemento de procesos de peiteado que utilizan técnicas e produtos cada vez menos agresivos para o cabelo, potenciando a integridade capilar. Os futuros profesionais deberán ter coñecementos de hábitos saudables e de técnicas e cosméticos de última xeración.

Desde o punto de vista das funcións, estas van evolucionando coas novas necesidades das empresas e as demandadas do mercado, e complementáanse con competencias relacionadas coa calidade, a seguridade e o respecto polo ambiente.

En canto á tipoloxía das empresas, a tendencia do mercado apunta, por unha parte, cara a establecementos independentes tradicionais e, por outra, cara a un incremento de franquías e agrupacións corporativas cunha política técnica e empresarial definida.

Obsérvase unha tendencia do usuario masculino cara ao coidado estético do pelo facial, rexurdindo técnicas dedicadas a realizar estes procesos. Por este motivo, prevese o crecemento desta actividade empresarial asociada a un aumento na demanda por parte deste sector, o que introduce cambios na formación en técnicas de peiteado, barbaría e coidados cosméticos masculinos para mellorar a atención ao usuario e ofrecer maiores posibilidades comerciais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe							
					MP0845_00							
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	
1	Preparación da zona de traballo, manexo e mantemento dos útiles e ferramentas.	Describirase e realizaranse prácticas sobre a preparación da zona de traballo, manexo e mantemento dos útiles e ferramentas.	12	10	X							
2	Parámetros que definen os efectos das liñas e técnicas do corte.	Detallaranse e practicaranse os parámetros que definen os efectos das liñas e técnicas do corte.	12	10		X						
3	Estudo do cabelo e morfoloxía da clientela.	Realizarase o estudo do cabelo e morfoloxía da clientela.	12	10			X					
4	Técnicas e protocolo da execución do corte con tesoiras.	Aplicar técnicas e protocolo da execución do corte con tesoiras.	48	15				X				
5	Técnicas e protocolo da execución do corte con navalla.	Aplicar técnicas e protocolo da execución do corte con navalla.	24	10					X			
6	Técnicas e protocolo da execución do corte con máquina.	Aplicar técnicas e protocolo da execución do corte con máquina.	24	10						X		
7	Realización dos distintos estilos, técnicas e persoalización dos cortes	Explicar a realización dos distintos estilos, técnicas e persoalización dos cortes	120	35								X
Total:			252									

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación da zona de traballo, manexo e mantemento dos útiles e ferramentas.	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar e manter as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.	1	Mantemento das instalacións	1,0
2.1 Detallar e aplicar as normas de comportamento na atención e recepción á clientela	2	Normas de comportamento na atención á clientela	2,0
3.1 Describir e aplicar normas para unha correcta imaxe profesional, establecer pautas para unha correcta hixiene postural e aplicar as medidas de protección do profesional e do cliente.	3	Imaxe e protección do profesional e do usuario	2,0
4.1 Aplicar actitudes e destrezas necesarias para desempeñar o proceso de corte do cabelo.	4	Actitudes e destrezas nos procesos de corte do cabelo	1,0
5.1 Identificar, seleccionar as ferramentas e utensilios empregados nos procesos de corte, aplicando as normas de hixiene, seguridade e mantemento e a normativa de control de útiles cortantes.	5	Ferramentas e utensilios empregados no corte do cabelo. Hixiene e mantemento.	3,0
6.1 Atender as demandas e necesidades do cliente, asesoralo e derivalo a superiores ou outros profesionais.	6	Demandas e necesidades do cliente.	2,0
7.1 Clasificar e aplicar cosméticos empregados nos procesos de corte do cabelo	7	Cosméticos empregados nos procesos de corte do cabelo	1,0
TOTAL			12

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as instalacións e os espazos onde se vaian realizar os procesos de corte do cabelo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Recoñece instalacións e espazos onde se realizan os procesos de corte do cabelo 	S	5
CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Mantén correcta hixiene das instalacións 	S	5
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Valora o traballo en equipo 	S	5
CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Pautas de recepción e atención á clientela 	S	5
CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Simulación da correcta recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento. 	S	5
CA1.6 Identifícanse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo. 	S	5
CA1.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Protección do cliente e do profesional 	S	5

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.8 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Normas dunha correcta imaxe do profesional 	S	5
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Aplicación da correcta imaxe do profesional 	S	5
CA1.10 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Aplica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo. 	S	5
CA1.11 Caracterízanse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de corte do cabelo.	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Adaptación das posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de corte do cabelo. 	S	5
CA1.12 Caracterízanse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Describir ferramentas e útiles para procesos de corte 	S	5
CA1.13 Seleccionáronse modelos básicos de tesoiras, navallas e máquinas.	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Selección de tesoiras, navallas e máquinas básicas de corte 	S	5
CA1.14 Establecéronse pautas para unha correcta hixiene postural.	<ul style="list-style-type: none"> LC.6 - As pautas para unha correcta hixiene postural. Establece 	S	5
CA1.15 Seleccionouse a lenzaría e os utensilios auxiliares para o corte.	<ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Selección de útiles e outros medios para o corte 	S	5
CA1.16 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios.			0
CA1.16.1 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Aplicación da hixiene e mantemento de ferramentas e útiles 	S	5
CA1.16.2 Descríbense os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Descrición dos protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios 	S	5
CA1.17 Seguiuse a normativa actual de control de utensilios cortantes.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Normativa de control de útiles cortantes 	S	5
CA1.18 Clasificáronse e seleccionáronse os cosméticos empregados nos procesos de corte do cabelo	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - Cosméticos empregados nos procesos de corte 	S	5
CA1.19 Identificáronse as necesidades e as demandas da clientela. Establecéronse pautas de asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.8 - Normas e pautas para coñecer as necesidades e demandas, realizar asesoramento e derivación a superiores ou outros profesionais. 	S	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Normas e coidados da imaxe do profesional</p> <p>Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección.</p> <p>Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de corte do cabelo. Ergonomía e hixiene postural.</p> <p>Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte.</p> <p>Mantemento: afiadura, engraxamento e protección das ferramentas.</p> <p>Manipulación, aplicación, conservación e mantemento dos cosméticos: efectos, indicacións e contraindicacións.</p> <p>Normativa de control de residuos e utensilios cortantes: pautas de aplicación.</p> <p>Distribución de espazos. Ambiente: importancia da luz e do sistema de renovación do aire.</p> <p>Utensilios e ferramentas de corte: características, tipos (peites e cepillos, tesoiras, navallas e máquinas), elementos e accesorios.</p> <p>Recepción e atención á clientela para o proceso de corte do cabelo. Normas para a primeira cita.</p>

Contidos
Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo.
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal.
Importancia do traballo en equipo.
Identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de corte do cabelo.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Mantemento das instalacións - Identificar e manter as normas para que as instalacións estén en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as normas sobre o mantemento das instalacións estén en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar e aplicar as normas de mantemento nas instalacións 	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento das instalacións 	<ul style="list-style-type: none"> Instalacións onde se realizan os procesos de corte. Medios materiais e produtos para o mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Mantén correcta hixiene das instalacións PE.5 - Descrición dos protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios TO.1 - Recoñece instalacións e espazos onde se realizan os procesos de corte do cabelo TO.5 - Aplicación da hixiene e mantemento de ferramentas e útiles 	1,0
Normas de comportamento na atención á clientela - Detallar e aplicar, en modelos reais e simulados, as normas de comportamento na atención e recepción da clientela.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as normas de comportamento na atención e recepción da clientela. 	<ul style="list-style-type: none"> Detallar e aplicar, en modelos reais e simulados, as normas de comportamento na atención e recepción da clientela. 	<ul style="list-style-type: none"> Correcta atención á clientela 	<ul style="list-style-type: none"> Medios humanos e materiais necesarios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Pautas de recepción e atención á clientela TO.2 - Valora o traballo en equipo TO.3 - Simulación da correcta recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento. 	2,0
Imaxe e protección do profesional e do usuario - Describir e aplicar normas para unha correcta imaxe profesional, establecer pautas para unha correcta ergonomía e aplicar medidas de protección do profesional e cliente en procesos de corte con modelos simulados e reais.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as normas para unha correcta imaxe do profesional Explicar as medidas de protección do profesional e do usuario 	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as normas de ergonomía Aplicar normas para unha correcta imaxe profesional Aplicar as pautas axeitadas en cada caso práctico, real ou simulado, para unha correcta ergonomía Aplicar medidas de protección do profesional e cliente en procesos de corte con modelos simulados e reais. 	<ul style="list-style-type: none"> Correcta imaxe profesional, ergonomía e protección do profesional e do usuario 	<ul style="list-style-type: none"> Medios humanos e materiais ou medios necesarios para a imaxe profesional, ergonomía e protección no traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Protección do cliente e do profesional LC.3 - Aplicación da correcta imaxe do profesional LC.4 - Adaptación das posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de corte do cabelo. LC.6 - As pautas para unha correcta hixiene postural. Establece PE.3 - Normas dunha correcta imaxe do profesional 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actitudes e destrezas nos procesos de corte do cabelo - Identificar e aplicar en casos prácticos actitudes e destrezas necesarias para desempeñar o proceso de corte do cabelo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar actitudes e destrezas necesarias para desempeñar o proceso de corte do cabelo. 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicar en casos prácticos as actitudes e destrezas necesarias para desempeñar o proceso de corte do cabelo. 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación de actitudes e destrezas no profesional 	<ul style="list-style-type: none"> Medios materiais necesarios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo. TO.4 - Aplica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo. 	1,0
Ferramentas e utensilios empregados no corte do cabelo. Hixiene e mantemento. - Identificar, seleccionar as ferramentas e utensilios empregados nos procesos de corte, aplicando as normas de hixiene, seguridade e mantemento e a normativa de control de útiles cortantes, en casos prácticos e simulados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as ferramentas e utensilios empregados no corte e as pautas para a súa selección. Explicar as normas de hixiene, seguridade e mantemento, e normativa actual de útiles cortantes. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar, seleccionar as ferramentas e utensilios empregados nos procesos de corte segundo diversos casos prácticos reais e simulados. Aplicar as normas de hixiene, seguridade e mantemento e a normativa de control de útiles cortantes, nos medios empregados no corte do cabelo. Esquema das normas de hixiene, seguridade e mantemento e a normativa de control de útiles cortantes, nos medios empregados no corte do cabelo. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema. Selección de útiles. Aplicación de hixiene, seguridade e mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios materiais empregados no corte. Productos, útiles e aparellos empregados para a hixiene, seguridade e mantemento. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Selección de tesoiras, navallas e máquinas básicas de corte LC.7 - Selección de útiles e outros medios para o corte PE.4 - Describir ferramentas e útiles para procesos de corte PE.5 - Descrición dos protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios TO.5 - Aplicación da hixiene e mantemento de ferramentas e útiles TO.6 - Normativa de control de útiles cortantes 	3,0
Demandas e necesidades do cliente. - Pautas para atender as demandas e necesidades do cliente, asesoralo e derivalo a superiores ou outros profesionais, aplicándoos a casos prácticos reais e simulados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as medidas a seguir para atender as demandas e necesidades do cliente 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicar as demandas e necesidades do cliente, asesoralo e derivalo a superiores ou outros profesionais, aplicándoos a casos prácticos reais e simulados. 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación de normas na atención das demandas e necesidades do cliente. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios humanos e materiais necesarios 	<ul style="list-style-type: none"> TO.8 - Normas e pautas para coñecer as necesidades e demandas, realizar asesoramento e derivación a superiores ou outros profesionais. 	2,0
Cosméticos empregados nos procesos de corte do cabelo - Identificar, describir os cosméticos empregados nos procesos de corte do cabelo, aplicándoos en casos prácticos reais e simulados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os cosméticos empregados no corte do cabelo. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar, describir os cosméticos empregados nos procesos de corte do cabelo, aplicándoos en casos prácticos reais e simulados. 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación de cosméticos 	<ul style="list-style-type: none"> Cosméticos e medios necesarios 	<ul style="list-style-type: none"> TO.7 - Cosméticos empregados nos procesos de corte 	1,0
TOTAL						12,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Parámetros que definen os efectos das liñas e técnicas do corte.	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza as técnicas de corte en relación co efecto visual pretendido.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar e caracterizar os estilos de corte recto, desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc	1	Estilos de corte	2,0
2.1 Determinar as características, útiles empregados en cada técnica e establecer as liñas de corte e procedementos das técnicas, relacionandoos cos resultados ppretendidos.	2	Técnicas de corte: características, útiles, liñas de corte, procedemento e resultado.	6,0
3.1 Establecer a secuencia e zona de aplicación das fases de	3	Fases do corte: secuenciación e zonas de aplicación	2,0
4.1 Realizar a preparación do cabelo para os procesos de corte	4	Preparación do cabelo para os procesos de corte	1,0
5.1 Realizar técnicas de peiteado e acabamento posteriores ao corte do cabelo	5	Peiteado e acabamento posteriores ao corte do cabelo	1,0
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse as técnicas e os estilos de corte.	● TO.1 - As técnicas e estilos de corte	S	10
CA2.2 Caracterízouse a técnica do corte recto, desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc.	● TO.2 - Aplicación de técnicas de corte do cabelo	S	10
CA2.3 Determináronse os utensilios empregados en cada técnica.	● TO.3 - Selección de útiles de corte en función da técnica	S	10
CA2.4 Establecéronse as liñas de corte para cada técnica.	● TO.4 - Realiza as liñas de corte	S	10
CA2.5 Estableceuse a secuencia das fases de execución.	● TO.5 - Secuenciación das fases do proceso	S	10
CA2.6 Determináronse as zonas de aplicación.	● TO.6 - Zonas de aplicación	S	10
CA2.7 Seleccionáronse procedementos para a realización de técnicas de desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc.	● TO.7 - Procedementos para a realización das diferentes técnicas	S	10
CA2.8 Relacionouse o procedemento de cada técnica cos efectos e os resultados pretendidos.			0
CA2.8.1 Relacionouse o procedemento de cada técnica cos efectos e os resultados pretendidos.	● PE.1 - Técnicas de corte: relación entre efectos e resultados pretendidos	S	5
CA2.8.2 Aplícase o procedemento de cada técnica cos efectos e os resultados pretendidos.	● TO.8 - Técnicas de corte: aplicación e relación entre os efectos e resultados pretendidos	S	5
CA2.9 Preparouse o cabelo para os procesos de corte.	● TO.9 - Execución da preparación do cabelo para o corte	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.10 Realizáronse técnicas de peiteado e acabado posteriores ao corte do cabelo	<ul style="list-style-type: none"> TO.10 - Execución de peiteados e acabamentos despois do corte 	S	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Técnicas de peiteado e acabado posteriores ao corte do cabelo</p> <p>Fases do corte: secuenciación e zona de aplicación</p> <p>Estilos de corte</p> <p>Preparación do cabelo para os procesos de corte.</p> <p>Parámetros que caracterizan as técnicas de corte. Liña de corte.</p> <p>Técnicas de corte recto, desfilado, dentado e entresacado ou baleirado, peliscado, etc.: utensilios empregados e forma de realización.</p> <p>Efectos visuais: parámetros que definen os efectos: volume, lonxitude, peso, densidade e simetría.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Estilos de corte - <i>i</i> Identificar e caracterizar aplicando os estilos de corte recto, desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc, analizando diferentes casos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os estilos de corte 	<ul style="list-style-type: none"> En casos reais e imaxes identifica, definir e caracterizar os estilos de corte. Realizar un traballo sobre os estilos de corte partindo de imaxes destes 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer estilos de corte Traballo de estilos de corte 	<ul style="list-style-type: none"> Medios gráfico, audiovisuais e humanos. Medios informáticos. Internet 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - As técnicas e estilos de corte 	2,0
Técnicas de corte: características, útiles, liñas de corte, procedemento e resultado. - Determinar as características, utensilios empregados en cada técnica e establecer as liñas de corte e procedementos das mesmas en casos prácticos debidamente caracterizados, relacionando os procedementos co resultado buscado.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os parámetros a ter en conta para a realización do corte: técnicas, liña de corte, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar os parámetros a ter en conta para a realización do corte do cabelo Describir os parámetros a ter en conta para a realización do corte do cabelo 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema Descrición de parámetros do corte 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, gráficos e escritos profesionais. Libros de texto. Apuntes 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Técnicas de corte: relación entre efectos e resultados pretendidos TO.1 - As técnicas e estilos de corte TO.2 - Aplicación de técnicas de corte do cabelo TO.3 - Selección de útiles de corte en función da técnica TO.4 - Realiza as liñas de corte TO.7 - Procedementos para a realización das diferentes técnicas TO.8 - Técnicas de corte: aplicación e relación entre os efectos e resultados pretendidos 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Fases do corte: secuenciación e zonas de aplicación - Establecer a secuencia e zonas de aplicación das fases de execución aplicado a diversos casos prácticos reais ou simulados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as fases do corte 	<ul style="list-style-type: none"> Caracterizar as fases do corte: secuenciación e zonas de aplicación en modelos reais e maniqués. Esquema das fases do corte secuenciadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema Caracterización das fases do corte 	<ul style="list-style-type: none"> Medios materiais necesarios. Maniqués e modelos reais 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Secuenciación das fases do proceso TO.6 - Zonas de aplicación 	2,0
Preparación do cabelo para os procesos de corte - Realizar a preparación do cabelo para os procesos de corte en diferentes casos prácticos reais ou simulados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar a preparación do cabelo para os diferentes procesos de corte do cabelo 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicar técnicas de preparación do cabelo para os diferentes procesos de corte do cabelo 	<ul style="list-style-type: none"> Preparación do cabelo para o corte 	<ul style="list-style-type: none"> Medios materiais e cosméticos. Modelos reais 	<ul style="list-style-type: none"> TO.9 - Execución da preparación do cabelo para o corte 	1,0
Peiteado e acabado posteriores ao corte do cabelo - Realizáronse técnicas de peiteado e acabado posterior ao corte do cabelo aplicándoa a diversos casos prácticos reais e simulados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar técnicas de peiteado e acabado posteriores ao corte do cabelo 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer e aplicar técnicas de peiteado e acabado posteriores ao corte de pelo en maniqués e modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> Peiteados e acabados despois do corte 	<ul style="list-style-type: none"> Útiles, aparellos e cosméticos. Modelos reais e maniqués. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.10 - Execución de peiteados e acabamentos despois do corte 	1,0
TOTAL						12,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Estudo do cabelo e morfoloxía da clientela.	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza propostas de cortes de cabelo, analizando as características morfolóxicas e persoais da persoa usuaria.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Análise do coiro cabeludo e cabelo, e morfolóxico con repercusión nos cambios de lonxitude.	1	Análise do coiro cabeludo e cabelo, e morfolóxico con repercusión no corte do cabelo	4,0
2.1 Análise de detección de demandas e necesidades da clientela	2	Detección de demandas e necesidades do cliente	1,0
3.1 Propostas de corte do cabelo axeitadas as demandas e necesidades do cliente	3	Elementos da proposta de corte do cabelo	3,0
4.1 Deseñar estilos de corte previos ao cambio de lonxitude	4	Deseño de propostas para cambios de lonxitude do cabelo	4,0
TOTAL			12

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse as características e as alteracións do cabelo con influencia no corte.			0
CA3.1.1 Identifícanse as características e as alteracións do cabelo con influencia no corte.	● PE.1 - Identificación de características e alteracións do cabelo	S	15
CA3.1.2 Detectáronse as características e as alteracións do cabelo con influencia no corte.	● TO.1 - Recoñecemento de características e alteracións do cabelo	S	15
CA3.2 Establecéronse pautas para a detección de necesidades e demandas da persoa usuaria.	● TO.2 - Detección de necesidades e demandas do cliente	S	15
CA3.3 Relacionáronse as proporcións faciais e corporais co cambio de lonxitude do cabelo.			0
CA3.3.1 Relacionáronse as proporcións faciais e corporais co cambio de lonxitude do cabelo.	● PE.2 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo.	S	15
CA3.3.2 Analizáronse as proporcións faciais e corporais co cambio de lonxitude do cabelo.	● TO.3 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo.	S	15
CA3.4 Seleccionáronse as imaxes e fotografías de peiteados en función do estilo de corte proposto.	● OU.1 - Selección de medios gráficos e audiovisuais de imaxes para proposta de estilo de corte	N	5
CA3.5 Identifícanse os elementos dun bosquexo.	● OU.2 - Aplicación de elementos dos bosquexos	N	5
CA3.6 Realizáronse bosquexos gráficos para a proposta de corte.	● OU.3 - Realización bosquexos gráficos de propostas de estilos	N	10
CA3.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para elaborar deseños de corte do cabelo.	● OU.4 - Elaboración de deseños de corte con aplicacións informáticas	N	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise do cabelo e do coiro cabeludo: identificación das características e as alteracións do cabelo e do coiro cabeludo con influencia nas técnicas de corte.
Análise morfolóxica facial e corporal: proporcións e xeometría morfolóxica da cabeza. Proporcións corporais e a súa influencia na elección do cambio de lonxitude do cabelo.
Análise de demandas e as necesidades da clientela.
Proposta de corte ou cambio de lonxitude do cabelo: elementos do deseño e da proposta.
Bosquexos e a súa relación coas técnicas de corte. Deseño de cambios de lonxitude con programas informáticos. Interpretación de bosquexos, imaxes e fotografías.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análise do coiro cabeludo e cabelo, e morfolóxico con repercusión no corte do cabelo - ¿ Estudo e análise das características e alteracións do coiro cabeludo, cabelo e das proporcións faciais e corporais con influencia nos cambios de lonxitude.	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer características e alteracións do coiro cabeludo e cabelo, e as morfolóxicas, mediante a súa análise, explicando as indicacións e contraindicacións e relacionandoas para a súa aplicación nos cambios de lonxitude. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a análise do cabelo , coiro cabeludo, e morfoloxía , describindo as súas características, alteracións, indicacións e contraindicacións, e realacionándoas cos diferentes cambios de lonxitude, en maniquíes, imaxes, fotos, casos prácticos reais e simulados. 	<ul style="list-style-type: none"> Análise das características do cabelo e coiro cabeludo, e morfolóxicas aplicadas nos cambios de lonxitude 	<ul style="list-style-type: none"> Imaxes, fotos, maniquíes, modelos reais e simulados, e outros medios e materiais necesarios Medios audiovisuais, internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Identificación de características e alteracións do cabelo PE.2 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo. TO.1 - Recoñecemento de características e altercións do cabelo TO.3 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo. 	4,0
Detección de demandas e necesidades do cliente - Estudo e análise de detección de demandas e necesidades do cliente no corte do cabelo	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer procesos establecendo criterios e procedementos de actuación para detectar as demandas e necesidades da clientela 	<ul style="list-style-type: none"> Analizar en casos prácticos reais e simulados debidamente caracterizados, as demandas e necesidades detectadas no cliente 	<ul style="list-style-type: none"> Detectar necesidades e demandas do cliente 	<ul style="list-style-type: none"> Medios humanos e outros medios e materiais necesarios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo. TO.2 - Detección de necesidades e demandas do cliente TO.3 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo. 	1,0
Elementos da proposta de corte do cabelo - Elaboración, estudo e análise de propostas de corte do cabelo atendendo as demandas e necesidades do cliente.	<ul style="list-style-type: none"> Expoñer os elementos das propostas de corte de cabelo e realizar propostas reais e/ou simuladas 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar estudo e análise de propostas elaboradas de corte do cabelo, tendo en conta as necesidades e demandas do cliente, executándoas, de ser o caso, sobre modelos reais, maniquíes, e outras simuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> Propostas para o corte de cabelo 	<ul style="list-style-type: none"> Medios humanos, maniquíes e outros materiais necesarios 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Selección de medios gráficos e audiovisuais de imaxes para proposta de estilo de corte PE.2 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo. TO.3 - Proporcións faciais e corporais e o cambio de lonxitude do cabelo. 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
CA5.12 - Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

UD6 - Análise dos parámetros que definen a calidade nos procesos de cambio de forma permanente, controlando os aspectos que deben terse en conta na avaliación de resultados

CA6.1 - Determináronse os factores que afecten o resultado.

CA6.2 - Relacionáronse os erros máis frecuentes na realización coa fase en que se produciran.

CA6.3 - Propuxéronse medidas para adecuar os resultados obtidos aos esperados e para mellorar a prestación do servizo.

CA6.4 - Aplicáronse medidas para avaliar a satisfacción da persoa usuaria.

CA6.5 - Adoptáronse medidas de resolución das desviacións producidas no desenvolvemento da actividade.

CA6.6 - Seguiuse o protocolo de actuación en casos de irritacións e alerxias.

Contidos mínimos esixibles por UDs:

Na UD1 Caracterización dos métodos de cambio de forma permanente

-Transformacións de cabelo mediante procedementos fisicoquímicos: descrición e características.

-Cosméticos redutores e neutralizantes: mecanismo de acción, indicacións e incompatibilidades.

-Efectos físicos e químicos dos cambios de forma permanente no cabelo.

-Métodos de realización de cambios de forma permanente: vantaxes e inconvenientes; criterios de selección; contraindicacións das técnicas.

Na UD2. Personalización do procedemento de cambio de forma permanente

-Técnicas para detectar as demandas, as necesidades e as expectativas da persoa usuaria: instrumentos e fases.

- Parámetros físicos e químicos do cabelo con repercusión nos cambios de forma permanente: aplicación dos métodos de observación.
- Identificación de alteracións do cabelo e no coiro cabeludo con repercusión nos cambios de forma permanente.
- Influencia das técnicas de peiteado sobre o cambio de forma (tinción, descoloración, tratamentos cosméticos, técnica de corte, permanente, etc.).
- Elaboración e formalización da ficha técnica nos cambios de forma permanente.
- Selección de técnicas en función da análise previa: vantaxes e inconvenientes.

Na UD3 Preparación do espazo de traballo

- Espazo de traballo e equipamento: organización, hixiene e mantemento.
- Preparación do persoal profesional. Medidas para a súa protección e a da clientela: hixiene postural e ergonomía.
- Prevención de accidentes e reaccións adversas.
- Actitudes e aptitudes profesionais.
- Deontoloxía profesional.
- Criterios de selección de utensilios. Tipos de moldes e características: mantemento e limpeza.
- Criterios de selección de aparellos emisores de calor húmida (vaporal, etc.) e calor seca (infravermellos e aire): mantemento e limpeza.
- Lenzaría e ferramentas: clasificación e descrición; mantemento e limpeza.
- Cosméticos: criterios de selección, pautas para a preparación, manipulación, aplicación e conservación dos cosméticos.

Na UD4 Aplicación de protocolos de ondulación permanente

- Criterio de selección de técnicas previas á ondulación. Procedemento de traballo. Precaucións.
- Repartición do cabelo segundo a técnica de montaxe.
- Técnicas de hixiene previas á ondulación permanente.
- Técnicas e tipos de enrolamento. Parámetros para a realización do enrolamento: zona de inicio, grosor e lonxitude da mecha, dirección, tracción, utensilios, etc. Secuencia e orde de realización.
- Técnicas de saturación: tipos (directa e indirecta) e criterio de selección; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
- Técnica de neutralización: procedemento, fases, pautas de aplicación e criterio de selección; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
- Variables que determinan o proceso de ondulación permanente.
- Control do proceso.
- Xestión de residuos.

Na UD5 Aplicación de protocolos de alisamento e desrizamento permanente

- Alisamento e desrizamento permanente: mecanismo de acción, efectos, indicacións e incompatibilidades. Criterio de selección de cosméticos segundo a súa forma cosmética.
- Técnicas de hixiene previas ao desrizamento ou alisamento permanente.
- Técnicas de aplicación do redutor: procedemento, fases e pautas de realización; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
- Técnica de neutralización: procedemento, fases e pautas de realización; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
- Control do proceso.
- Xestión de residuos.

Na UD6 Análise dos parámetros que definen a calidade nos procesos de cambio de forma permanente

- Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación permanente.
- Técnicas para avaliar o grao de satisfacción da persoa usuaria.

- Análise das desviacións producidas no proceso de cambio de forma permanente: control do rizo, volume e estado do cabelo.
- Asesoramento profesional e propostas doutros tratamentos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Ao tratarse de avaliación continua, avaliarase dos contidos impartidos en cada avaliación e dos impartidos nas anteriores. Se suspende unha avaliación, recupera se aproba a seguinte.

Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación, adecuandos segundo o indicado no apartado 4.c. Axustar avaliación, con respecto aos criterios de avaliación:

- Probas escritas para os criterios nos que así se especifica.
- Probas prácticas: para os criterios onde se indica lista de cotexo e táboa de observación
- Outros: actividades e/ou tarefas como traballos, esquemas, clasificacións, exposicións, deseños, etc.

As actividades e/ou tarefas realizadas na clase diariamente serán de aprendizaxe principalmente. Realizaranse actividades e/ou tarefas avaliáveis iguais ou similares as de aprendizaxe, caso no que se cualificarán para a nota da avaliación correspondente, indicándolle ao alumnado previamente contidos e cando e como se realizarán, segundo estime a profesora en cada caso.

Cualificación: Cas probas, actividades e ou tarefas e outros avaliáveis, a cualificación calcularase:

- Probas escritas: 20%
- Probas prácticas: 40%
- Tareas e actividades avaliáveis: 40%

* As actividades e tarefas avaliáveis segundo os Criterios de avaliación co instrumento de avaliación: Outros, como se indica no apdo. 4.c: Axustar avaliación incluíranse nun dos apartados de cualificación segundo se considere atendendo a súa tipoloxía.

A cualificación será de 0 a 10 puntos.

A nota final será a media ponderada.

As probas, actividades e/ou tarefas e outros avaliáveis deberán ser realizadas e/ou entregadas segundo se especifique para poder obter avaliación positiva.

Deberá acadar a media correspondente en cada apartado "Cualificación" para obter avaliación positiva. De non ser este o caso, a nota máxima será de 4 puntos.

A avaliación será positiva si acada unha nota de 5 puntos ou superior.

É obrigatorio que a/o alumna/o traia os seus medios, material e uniforme persoal profesional segundo se lle indique, en caso contrario non poderá desenvolver as actividades o/ou tarefas, e propoñeránselle outras para a súa realización durante a clase.

De ser o caso, pola Covid-19, seguiranse as indicacións sanitarias e educativas en seguridade e hixiene durante as clases e as probas.

As prácticas e probas realizaranse en maniquís, entre o alumnado da clase, e con modelos humanos externos con cabelo natural propio que deberá traer o alumno/a segundo as especificacións indicadas pola profesora previamente segundo os contidos e CAs que se avalien.

O alumnado actuará como modelo obrigatoriamente segundo as normas establecidas e indicadas pola profesora, nas prácticas de aprendizaxe e/ou avaliáveis que se requiran, agás causa debidamente xustificada e valorada pola profesora.

As probas, actividades e/ou tarefas e outros avaliáveis non realizadas cualificarase con un cero, e so se poderán realizar posteriormente si son debidamente xustificadas e valoradas estas pola profesora. No caso de aceptar a xustificación, indicaráselle cando e como realízalas.

En calquera caso as probas, actividades e/ou tarefas e outros avaliáveis deberán ser realizadas e/ou entregadas cas especificacións que se

indiquen para poder acadar avaliación positiva.

No caso das probas e prácticas avaliáveis a profesora indicará o procedemento a seguir en cada caso. Poderase requerir a realización por escrito do protocolo de realización previamente a súa execución, que poderá incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, etc, dos procedementos e procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral, antes ou durante o desenvolvemento do proceso. Formará parte da cualificación da proba ou práctica avaliábel correspondente.

Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, ou ten axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indicáraselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, Cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

Caso de faltas de asistencia segundo a Orde do DOG nº 136 do 15-7-2011 aplicarase o seguinte:

. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

5. O alumnado que perde o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

** Para mais criterios e especificacións, que afectan á aplicación desta programación: ver nesta programación Apartado 10. Outros apartados.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Terá que recuperar aquel alumnado que non superou a avaliación ordinaria positivamente. Realizarase ao longo do 3º trimestre (período de realización da FCT para o alumnado aprobado). Terase en conta o informe individualizado.

O alumnado con recuperación deberá acudir as clase de recuperación e realizar as actividades e/ou tarefas dos contidos referentes ós Resultados de aprendizaxe (RA) desenvolto durante o curso e non superados.

Incidirase explicando e traballando nos de maior dificultade para cada alumno/a.

Realizaranse actividades e/ou tarefas de aprendizaxe e avaliáveis, para o seu desenvolvemento na clase ou para a realización por conta do alumno/a fóra das horas de clase. Programaranse e comunicaranse ao inicio do período de recuperación e serán obrigatorias para obter avaliación positiva.

Para o desenvolvemento das clases de recuperación e probas seguiranse as mesmas indicacións que constan nesta programación para as clases e avaliación ordinaria, agás as que se fai referencia neste apartado (Recuperación)

Para a cualificación e avaliación terase en conta o seguinte:

- Proba escrita: 20 % (para os Criterios de avaliación (CA) nos que consta PE nesta programación)
- Proba práctica: 40 % (Criterios de avaliación (CA) nos que consta nesta programación TO, LC ou OUTROS)
- Tarefas e actividade avaliáveis: 40 % (actividades e/ou tarefas realizadas ao longo do período de recuperación e que se comuniquen como avaliáveis).

Cualificarase de 0 a 10 puntos.

Para a nota final sumaranse as ponderación dos anteriores apartados tendo en conta:

Deberá obter un mínimo de 5 puntos en cada un dos apartados anteriores para obter avaliación positiva.

De non obter un 5 en un ou mais dos apartados anteriores: a nota máxima será un 4.

Para ter avaliación positiva deberá acadar unha nota de 5 ou superior.

Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, ou ten axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indícaráselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, Cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

** Para mais criterios e especificacións, que afectan á aplicación desta programación: ver nesta programación

Apartado 10. Outros apartados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña perda do dereito a avaliación continua (PD) (artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011) poderá realizar proba extraordinaria que se convoque previamente a avaliación final do módulo (artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011).

Realizarase sobre os contidos dos Criterios de avaliación (CA) para a súa avaliación e así poder acadar os Resultados de aprendizaxe (RA) do módulo segundo o programado para este curso.

Para a súa realización o alumno/a deberá traer: bolígrafo azul ou negro, lápiz, goma de borrar e sacapuntas; uniforme, lenzaría, útiles, ferramentas e aparellos profesionais de uso persoal e individual para a realización das probas. Deberá traer modelos humanos con cabelo propio natural para a realización das prácticas para cambios de forma permante para ondulacións e para cambios de forma permanente para alisamentos.

As probas constarán de diferentes exercicios escritos e prácticos de preguntas escritas de diferente tipoloxía, protocolos, deseños, procedementos e procesos reais ou simulados, totais ou parciais e con tempo limitado en cada caso, de cambios de forma permanente. Durante a realización da proba práctica poderanse pedir escritos e facer preguntas orais sobre o/os diferentes aspectos dos procesos e procedementos que se desenvolvan.

Aplicaranse os seguintes instrumentos de avaliación, tendo en conta as ponderacións en cada caso:

- Proba escrita: 20% (duración máxima 2 h)

Constará de diferentes exercicios e preguntas de distinta tipoloxía.

- Proba práctica: 80% (duración mínima 4h)

Constará de tarefas prácticas realizadas sobre cabelo natural propio de modelos humanos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos.

Para a nota final sumaranse as ponderación dos anteriores apartados tendo en conta:

Deberá obter un mínimo de 5 puntos en cada un dos apartados anteriores para obter avaliación positiva.

De non obter un 5 en un ou mais dos apartados anteriores: a nota máxima será un 4.

Para ter avaliación positiva deberá acadar unha nota de 5 ou superior.

Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, ou ten axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indícaráselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, Cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

** Para mais criterios e especificacións, que afectan á aplicación desta programación: ver nesta programación Apartado 10. Outros apartados.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar co desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a. Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.

O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xurde situacións non previstas durante o curso.

Este seguimento realizarase nas reunións de Departamento conforme aos criterios que se realiza ao principio de cada curso ou avaliación.

As modificacións faranse por escrito reflectíndoas na aplicación web -Seguimento da programación. No seguimento realizado en reunión de Dpto. reflectirase na acta o mais destacado e que poida supoñer alteracións ou repercusións importantes no desenvolvemento do curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, DOG do 15 de xullo) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.

A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos. Dita información pode proceder:

- Dos informes de estudos cursados previamente
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso

Ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada no perfil profesional e nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de

autoformación.

Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o/a alumno/a adquira unha maior independencia formativa.

En ningún caso esta avaliación inicial suporá unha modificación dos mínimos esixidos e nin cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados no apartado -Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación-. Esta situación verase reflectida na -ficha do alumno- e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.

Nota - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE

-Metodoloxía diversa

-Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundizan, considerando esenciais os mínimos esixibles.

-Proposta de actividades diferenciadas

-Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espazos de resposta mas ou menos amplos.

-Material didáctico non homoxéneo

-Propoñer actividades que respondan a distintos grados de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.

-Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes; subdivisión de grupos en pequenos grupos homoxéneos de partida, para que sexa mas sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas, propoñer tarefas diferenciadas, actividades dereforzo e formentar a cooperación.

No caso do alumnado que, sen ter necesidades educativas especiais, poida precisar ao longo do curso dun apoio adicional e cando o reflectido na -ficha do alumno- así o aconselle, ofreceráselle a posibilidade de reforzar a súa aprendizaxe e mesmo recuperar partes non superadas.

Atoparanse nesta situación aqueles/as alumnos/as que:

-Non teñan perdido o dereito á avaliación continua.

-Colaboren de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.

-Non acaden parcialmente os mínimos dunha UD, UF(no caso no que o módulo estea dividido).

-Amosen a súa dispoñibilidade a traballar en autoformación.

Se cumpren os catro puntos, poderase propoñer ao/a alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo

necesario para realizar o traballo, estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de tutoría.

No caso de que, polo carácter dos mínimos a recuperar, sexa necesaria unha verificación práctica dos mesmos o/a alumno/a deberá realizar tamén unha proba práctica.

O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN

Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos. Para cada actividade procurárase ofrecer tres posibilidades:

- Unha común para todos os alumnos co fin de assimilar os contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de profundizar nos coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acadase os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Programación da educación en valores.

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está intimamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe a formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.

Con esta idea, mesmo se fixaron valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):

- Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.
- Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
- Rigor e responsabilidade no manexo da documentación persoal ou profesional e no desenvolvemento do traballo.
- Interpretáronse instrucións dos útiles/materiais, produtos, técnicas;
- Orde e método de traballo.
- Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.
- Traballo en equipo.
- Mantívose unha actitude de respecto e educación cos compañeiros, profesores e posibles usuarios.
- Calidade no traballo .
- Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
- Seguridade e hixiene no traballo.
- Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.
- Procurouse non desperdiciar materiais.
- Coidouse a reciclaxe.

Non cumprir correctamente calquera destes Criterios de Avaliación impedirá obter unha avaliación positiva dos RA do módulo. Así mesmo, o incumprimento de algún deles poderá significar a prohibición de realizar as prácticas na aula cando por razóns de seguridade, de prexuízo ao grupo e da ensinanza-aprendizaxe, supoñan un risco, ou unha diminución da avaliación obxectiva das mesmas. Potenciarase o valor da asistencia e da puntualidade tanto nas entradas e saídas como na realización procesos e procedementos, etc. de actividades e/ou tarefas nas que polas súas características así se require.

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos:

¿ Educación Medioambiental e para o consumo: reciclaxe produtos, responsabilidade cos recursos naturais e consumo de cosméticos, tratamento de refugallos, etc.

¿ Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.

¿ A tolerancia e o respecto: debido ao tratamento e contacto directo entre persoas que ofrece a nosa profesión proporanse os seguintes obxectivos:

- respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros, profesorado, outros membros da comunidade educativa ou usuarios de servizos para a aprendizaxe.
- non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
- trato cortés e dilixencia cos membros da comunidade educativa e usuarios de servizos para a aprendizaxe, e aplicación da deontoloxía profesional

¿ Información sobre o medio profesional laboral do módulo: para facilitarlle o contacto con este

- facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...)
- informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais do medio laboral que nos ocupa.
- proporcionarase un autoconecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos

¿ Saúde e seguridade e hixiene, e especificamente sobre a Covid-19 dada a situación actual:

- tratarase a información sobre : enfermidades infecciosas, alimentación sana, hábitos de vida saudables, etc.
- darase a coñecer e reforzase información sobre as medidas de prevención, seguridade e hixiene a manter no centro establecidas pola comunidade educativa e sanitaria sobre a covid-19, e informando das indicadas ou recomendadas fora deste, así como a organización e orde a seguir, adoptando os cambios que foran precisos ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo. Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliábeis. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.

- Cursos no IES con empresas do sector
- Asistencia a Congresos, Ateliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.

Neste curso engádense as seguintes actividades:

- Demostracións das casas comerciais (datas por confirmar)
- Vistita a balnearios, laboratorios de cosmética, centros de beleza.
- Halloween
- Nadal
- Entroido
- Protección solar
- Continuar cos traballos iniciados o curso pasado de portadas de dvd, cd e libros.
- Establecer una serie de conferencias alternas ou agrupadas entre o profesorado do IES e o alumnado. Nun principio do Ciclo
- Potenciar a lectura no Ciclo (tres libros por cabeza durante o curso)
- Potenciar o compromiso (cada mes os asinantes comprométese a, por exemplo, a non tirar comida.)
- Intentar que vexan .posturas opostas. a falar de determinados temas, por exemplo, openarms e alguén da UE
- Actividades determinados mércores pola tarde de peiteados e maquillaxe sen consumir produtos dos diferentes módulos
- Cancións nas portas/tablóns, portas IM
- Colaboracións con outros departamentos do IES e outros IES ou Institucións
- Biblioteca

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenrolo persoal e profesional dos nosos alumnos
- Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.
- Facilitarles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades

Engadimos a colaboración coa biblioteca do propio Instituto e coas posibles actividades que desde ela se propoñan e así mesmo intentarase establecer vínculos con o IES Perdouro (Burela) a través:

- Do seu proxecto lingüístico (Modelo Burela, Proxecto Neo, Revista Maruxía)
- Dos seus Encontros de Banda Deseña
- Das ofertas de actividades que nos propoñan

Nota- A miña participación nas actividades propostas polo Instituto e o Departamento, e decir, as que non sexan a petición propia, estará condicionada a que se desenvolvan no horario de clases máis permanencia no centro correspondentes ao día de celebración.

10.Outros apartados

10.1) SECUENCIACIÓN UDs E CONTIDOS.

Ao tratarse de avaliación continua e dada a progresión necesaria para o aprendizaxe e destrezas dos contidos, e adaptando a formación á realidade profesional dos contidos deste módulo, favorecendo así a adaptación ao aprendizaxe, destrezas e mercado laboral, a secuenciación da impartición deste módulo flexibilizarase con respecto a orde establecida nas UDs.

Os contidos impartidos na anterior avaliación formarán parte da seguinte segundo os CAs correspondentes por ser necesarios para a aplicación dos posteriores e formar parte de actividades e tarefas que implican as aprendizaxes previas para a execución de outras mais complexas e completas e de resultados finais .

Debido a complexidade na divisións da UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Exemplo: Sendo a primeira UD teórica adiantamos un pouco de práctica da segunda, non influindo isto na duración das mesmas. Teremos tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores, e ás veces das posteriores para comprender e relacionar as primeiras.

10.2) DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS

- O alumnado actuará como profesional e modelo dos compañeiros para a realización de prácticas, segundo as normas establecidas e mantendo os grupos de traballo asignados de ser o caso.
- Cando un alumna/o non teña unha actitude axeitada de respecto, educación, compañerismo, etc hacia os modelos, compañeiros ou externos, de ser este último o caso, non poderá realizar a/as prácticas que corresponda/n ou deberá traer os seus propios modelos, de estar permitido, para realizar as prácticas que se esixan en modelos humanos, segundo indique a profesora.
- Cando un alumno/a non trate correctamente o material de traballo do centro para o uso e na forma indicada pola profesora, debará traer o seu propio material para a realización das prácticas.
- Cando un alumno non traia o material persoal e/ou uniforme profesional indicado pola profesora, non cumpra as normas de seguridade, hixiene, actitudes correctas, etc. non poderá realizar as tarefas prácticas que correspondan a esa xornada, indicándolle a profesora outras tarefas relacionadas co módulo.

En calquera caso dos anteriores:

Non realizar a práctica en modelo real contará como non realizada e puntuarase con un 0.

Si un alumno/a non se pon de modelo para os compañeiros, a profesora escoitará as súas razóns e decidirá, cando se requira traballar entre compañeiros, si permite que outros/as se poñan de modelo para el, a orde en que realizarán a práctica como modelo-profesional, outra posibilidade de realizar esas prácticas, e outras casuísticas que poidan xurdir.

Solo se terá en conta que non realice a práctica ou se poña de modelo, por motivos debidamente xustificadas, avalados pola documentación pertinente, e a valoración da profesora. Neste caso poderase substituír por outra actividade ou tarefa a criterio da profesora.

No caso do tratamento incorrecto de medios, de non traer o material persoal profesional indicado, non seguir as normas de seguridade e hixiene ou actitudes incorrectas, indícase a realización de outra actividade/tarefa do módulo. A actividade ou tarefa prevista puntuarase con un 0, e non será recuperable agás que considere a profesora facelo noutra sesión.

Si os feitos e/ou condutas son reiteradas, determinarase as medidas oportunas en cada caso, tendo en conta os puntos anteriores deste apartado.

O alumno/a que por calquera circunstancia non asista a clase debera ser el que se interese polas tarefas desenvolvidas na clase ou fóra das horas lectivas; de corresponder a ausencia ca data de entrega realizará esta o primeiro día que asista. As tarefas desenvolvidas na aula se realizará a profesora que determine a forma e data de realización. En calquera caso deberán estar debidamente xustificadas, con documentación que acredite, a valoración da profesora segundo a normativa actual. O mesmo se considerará para as probas. De considerar faltas xustificadas a profesora determinará cando e como realizalas.

De ser o caso, pola Covid-19, seguiranse as medidas de seguridade e hixiene indicadas polas autoridades sanitarias e educativas, e outras que se determinen, que afecten ao desenvolvemento desta programación, adaptando as partes programadas que correspondan

10.3) DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/produtos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compresinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:

- Non manteña as normas e indicacións de seguridade e hixiene
 - Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
 - Causen danos de xeito intencionado.
 - Non teñan asistido ás explicacións referentes ao uso do material/técnicas da práctica.
 - Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
 - Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.
- En canto a este aspecto, tamén se terá en conta a normativa con respecto ao alumando con PD.

10.4) TICs E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Traballárase con tecnoloxías informáticas e telemáticas e outras que poidan ser necesarias nos contidos que se requira para a realización de actividades e/ou tarefas (traballos, exercicios, busca de información, deseño de estilos, novas profesionais, etc.

O centro conta con medios TICs para as clases e outros a disposición do alumnado.

Informárase do Plan Lingüístico do centro ao alumnado.

O módulo será impartido en Galego; ao carecer de libros de texto nesta lingua serán en Castelán, outros recursos poderán darse tamén en Castelán; probas e explicacións daranse en galego.

No caso de que un alumno veña doutra Comunidade Autónoma ou doutro país, verase de poder facilitarllos en Castelán si así o require a situación.

10.5) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DE PESO NA AVALIACIÓN.

Tal e como se sinala nos correspondentes apartados, os Criterios de Avaliación van ser valorados empregando distintos instrumentos de avaliación. Estes terán as seguintes características:

PE (Proba escrita): terá, con carácter xeral, o formato de exame escrito. Para cada proba indícase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas.

LC (Lista de Cotexo): serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio SI, AS VECES, NON.

TO (Táboa de observación): avaliarase empregando unha Escala de Valoración (EV) que comprenda diferentes niveis de logro.

10.6) ALUMNADO QUE COPIA E OUTROS.

Independentemente do medio ou método empregado, cando se teña constancia de que un alumno/a, está copiando ou non realiza ou realizou el as probas, tarefas/e ou actividades e outros avaliábeles, total ou parcialmente, empregando calquera medio ou procedemento, con axuda externa, dun compañeiro da clase ou dun modelo, farase constar e indícase que non pode continuar a proba, actividade e/ou tarefa ou outro si é avaliábeles.

En calquera caso cualificarase con un 0.

Terasea mesma consideración cando se lle pida calquera tipo de actividade e/ou tarefa que deba realizar pola súa conta fóra das horas de clase, e se determine que foi copiado ou non a realizou o/a alumno/a que a presenta.

10.7) CLASES NON PRESENCIAIS POLA COVID-19

De ser o caso, pola Covid-19, seguiranse as normas indicadas polas autoridades sanitarias e educativas en canto a seguridade e hixiene, e o desenvolvemento das clases, adaptando as partes da programación que correspondan, en función de situacións excepcionais, das circunstancias e momento concreto en que se de a situación.

De ser o caso, realizaranse as clases polos medios telemáticos indicados para a exposición e explicación, poñer a disposición do alumnado recursos, actividades e/ou tarefas, probas, etc. dos contidos que corresponda, de carácter teórico e práctico. Indicarase cando son avaliáveis ou non. O alumnado empregará os mesmos medios telemáticos indicados para asistir as clases, acceder a avisos, recoller recursos, actividades e/ou tarefas, probas, etc. e devolver ou entregar o traballo realizado, segundo as normas ou especificacións que se indiquen en cada un deles, ou no procedemento xeral das clases non presenciais. Durante as clases non presenciais traballaranse principalmente contidos máis teóricos e outros que sexan máis axeitados co emprego de medios telemáticos, aplicando os instrumentos de aprendizaxe e avaliación no caso que se considere, e que se decidirá dependendo do momento do curso lectivo en que se de esta situación.

Aproveitaranse as xornadas presenciais para a aplicación e aprendizaxe dos contidos prácticos maioritariamente, nos procesos que requiren de procedementos e medios reais, sin os que non sería posible unha aprendizaxe práctica cas características necesarias e propias dos contidos do módulo, dificultando acadar positivamente os resultados de aprendizaxe e competencias do módulo.

As probas e as actividades e/ou tarefas avaliáveis, teóricas e prácticas, realizaranse sempre que sexa posible de xeito presencial, podendo variar ou cambiar as datas das mesmas coa antelación suficiente, e sempre que sexa posible a súa realización, que determinará e comunicará a profesora.

De realizar de xeito non presencial actividades e tarefas e probas avaliáveis, teranse en conta os mesmos criterios de cualificación que os correspondentes as presenciais, e computarán para a avaliación xunto cas presenciais.

Poderán modificarse o tipo de actividades e/ou tarefas e probas, o seu contido, secuenciación, instrumentos de avaliación e cualificación previstos, sempre en función de situacións excepcionais e das circunstancias e momento concreto en que se de a situación das clases non presenciais.

Subirase a Aula Virtual do centro material didáctico con diversos recursos e actividades e/ou tarefas, etc. para o seguimento do curso. O alumno/a accederá Aula Virtual e ao módulo correspondente para realizar as tarefas e/ou actividades propostas, e probas de ser o caso, cas especificacións que correspondan en cada unha delas, e entregalas ou devolvelas polo mesmo medio unha vez realizadas.

Cando a ausencia coincida coa realización de tarefas e/ou actividades e probas avaliáveis, realizáraas unha vez incorporado/a as clases presenciais, agás naqueles casos en que isto non sexa posible.

Valorarase a posibilidade e necesidade de prestarlle ao alumnado material do centro para a realización de tarefas e/ou actividades de prácticas concretas, avaliáveis ou non avaliáveis, durante o período non presencial polo tempo e nas condicións que se estipulen.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0848	Peiteado e estilismo masculino	2023/2024	3	80	96

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA BEGOÑA REY ARUFE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolve tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Adoitan actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

¿ Peiteador/ora.

¿ Barbeiro/a.

¿ Técnico/a en coloracións capilares.

¿ Técnico/a en cambios de forma do cabelo.

¿ Técnico/a en corte de cabelo.

¿ Técnico/a en postizaría.

¿ Técnico/a en manicura.

¿ Técnico/a en pedicura.

¿ Técnico/a ou axente comercial de empresas do sector.

¿ Recepcionista en empresas de peiteado.

¿ Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado.

1. O perfil profesional deste título marca unha evolución cara ás competencias relacionadas co desenvolvemento de procesos de peiteado que utilizan técnicas e produtos cada vez menos agresivos para o cabelo, potenciando a integridade capilar. Os futuros profesionais deberán ter coñecementos de hábitos saudables e de técnicas e cosméticos de última xeración.

2. Desde o punto de vista das funcións, estas van evolucionando coas novas necesidades das empresas e as demandadas do mercado, e complementáanse con competencias relacionadas coa calidade, a seguridade e o respecto polo ambiente.

3. Canto á tipoloxía das empresas, a tendencia do mercado apunta, por unha parte, cara a establecementos independentes tradicionais e, por outra, cara a un incremento de franquías e agrupacións corporativas cunha política técnica e empresarial definida.

4. Obsérvase unha tendencia do usuario masculino cara ao coidado estético do pelo facial, rexurdindo técnicas dedicadas a realizar estes procesos. Por este motivo, prevese o crecemento desta actividade empresarial asociada a un aumento na demanda por parte deste sector, o que introduce cambios na formación en técnicas de peiteado, barbaría e coidados cosméticos masculinos para mellorar a atención ao usuario e ofrecer maiores posibilidades comerciais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe							
					MP0848_00							
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	
1	Preparación da zona de traballo	Descrición das características do posto de traballo, atención ao cliente, seguridade e hixiene, e a imaxe do profesional, aplicándoo á práctica	14	15	X							
2	Deseño de estilos de barba e bigote.	Análise e deseño dos distintos estilos de barba e bigote.	11	5		X						
3	Arranxo de barba e bigote.	Aplicar métodos de arranxo de barba e bigote.	6	5			X					
4	Técnicas previas ao rasurado da barba.	Identificación e aplicación das técnicas previas a realización do rasurado da barba	6	10				X				
5	Rasurado da barba	Procesos de realización do rasurado da barba.	18	20					X			
6	Técnicas asociadas ao estilismo masculino	Análise das técnicas asociadas ao estilismo masculino: depilación facial, cambio de cor, etc...	14	10						X		
7	Corte de cabelo en estilismo masculino	Análise e realización de estilos de corte masculino	27	35								X
Total:			96									

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación da zona de traballo	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica e prepara a zona de traballo, organizando medios, utensilios, ferramentas e persoal para a realización dos procesos de estilismo, en condicións de seguridade e hixiene.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Acondicionar as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.	1	Instalacións e espazos	0,5
2.1 Recoñecer os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, etc.) como factor de calidade do servizo.	2	Ambientación do espazo de traballo	0,5
3.1 Aplicar condicións de seguridade e hixiene en instalacións e espazos	3	Seguridade e hixiene en instalacións e espazos	0,5
4.1 Detallar pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.	4	Recepción e atención á clientela	1,0
5.1 Simular a recepción e atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.	5	Recepción e a atención á clientela aplicando técnicas de comunicación e normas de comportamento.	1,0
6.1 Valorar a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.	6	Traballo en equipo	0,5
7.1 Identificar as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.	7	Actitudes e destrezas	0,5
8.1 Describir as normas que definen unha correcta imaxe profesional.	8	A imaxe profesional	0,5
9.1 Coidar a imaxe do profesional.	9	Como coidar a imaxe profesional	0,5
10.1 Aplicar as medidas de protección e seguridade do profesional.	10	Protección e seguridade do profesional	0,5
11.1 Identificar as posturas corporais adecuadas para prever accidentes e lesións profesionais.	11	Posturas corporais	0,5
12.1 Describir e seleccionar os cosméticos en función da técnica de peiteado e barba.	12	Cosméticos empregados en estilismo masculino	2,5
13.1 Recoñecer a importancia da utilización dos materiais dun só uso.	13	Materiais dun só uso	0,5
14.1 Manexar con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.	14	Destrezas no uso de útiles, aparellos e cosméticos	2,0
15.1 Describir e aplicar os métodos máis adecuados de mantemento, limpeza, desinfección e esterilización da área de traballo para os procesos de estilismo.	15	Mantemento e hixiene na área de traballo e medios empregados	2,0
16.1 Aplicar a normativa actual para o control de residuos e útiles cortantes	16	Normativa para control de residuos e útiles cortantes	0,5
TOTAL			14.0

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
-------------------------	----------------------------	-------------------	------------------------

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Acondiciónáronse as instalacións e os espazos onde se desenvolve o proceso.	● LC.1 - Instalacións e espazos	S	5
CA1.2 Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, etc.) como factor de calidade do servizo.	● LC.2 - Ambientación do espazo de traballo	S	5
CA1.3 Mantivéronse as instalacións e os espazos en condicións de seguridade e hixiene.	● LC.3 - Seguridade e hixiene nos espazos e instalacións	S	5
CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.	● PE.1 - Atención e recepción da clientela	S	5
CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.			0
CA1.5.1 Realizouse a recepción e a atención á clientela aplicando as técnicas de comunicación e normas de comportamento	● TO.1 - Recepción e atención á clientela	S	5
CA1.6 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.	● LC.4 - O traballo en equipo	S	5
CA1.7 Identificáronse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de estilismo.	● LC.5 - Actitudes e destrezas necesarias	S	5
CA1.8 Descríronse as normas que definen unha correcta imaxe profesional.	● PE.2 - As normas da imaxe profesional correcta	S	5
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.	● LC.6 - A imaxe do profesional	S	5
No caso de que o alumno non supere o módulo, éste realizará a recuperación no mes de xuño. No caso de que un alumno/a non supere unha avaliación, isto é, se non acadase a nota de 5, deberá acudir ao único exame de recuperación que se realizará o final do módulo no mes de Xuño. As actividades de recuperación que poderán consistir en: -Repetición de determinadas actividades, cando se observe que na súa realización o alumno non adicou o suficiente tempo ou esforzó, así como a realización de traballos e exercicios sobre aqueles aspectos de corte máis práctico nos que se detectaran maiores deficiencias. -Realización dunha proba escrita e/ou oral de recuperación. A proba escrita estará indicada para os aspectos máis teóricos do módulo e a proba oral para aqueles aspectos de corte máis práctico. As probas de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos, e considerarase que o alumno/a recuperou cando acade unha cualificación mínima de 5 puntos. Ditas probas poderán consistir na realización dun examen escrito que conste de dúas partes: teórica e práctica, a nota desta proba será a media entre elas, para este cálculo é

preciso que en cada unha se acaden unha nota mínima de 5 puntos. Tamén poderase esixir a entrega de material didáctico elaborado de xeito individual (no caso de que durante o curso este fose colectivo) e o tema será proposto pola profesora. Con relación ás recuperacións faranse unha por trimestre ao final do mesmo. Si non da tempo farase ó principio do seguinte. As recuperacións se alumnos pendentes o mesmo tipo de examen e cualificación que os que cursan o módulo no ano académico actual.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua deberá realizar unha única proba, de contidos teórico/prácticos. Nesta proba o alumno deberá responder a unha serie de preguntas referidas ó módulo, relacionadas cos contidos mínimos.

FORMATO:

- A primeira proba teórica consistirá en 100 preguntas tipo test, con catro posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

PUNTUACIÓN:

- 0,05 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,025 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
- A nota mínima a acadar para superar esta parte será un 5.

DURACIÓN:

- Este exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos.

Consistirá na realización de diversos casos prácticos. Será necesario asistir a esta proba con calculadora.

FORMATO:

- A segunda proba práctica consistirá en 9 casos prácticos: 3 relativos a U.F. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, e 7 relativos a U.F. DE EQUIPOS DE TRABALLO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL, E PROCURA DE EMPREGO.

PUNTUACIÓN E VALORACIÓN:

Cada U.F. ten que ter una nota mínima para poder facer media na nota final desta segunda parte, segundo os seguintes criterios:

U.F. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: mínimo 1,5; máximo 4.

U.F. DE EQUIPOS DE TRABALLO, DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL, E PROCURA DE EMPREGO: mínimo 2,5; máximo 6.

- Nota final: sumaranse os puntos obtidos en cada U.F., tendo en conta os límites mínimos.
- Para acadar un aprobado nesta segunda parte da proba será necesario ter un mínimo de 5 puntos, tendo en conta sempre os mínimos antes mencionados.

DURACIÓN:

- Este exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos.

Os criterios de cualificación para o alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua serán:

A proba escrita terá un peso do 100% sobre a nota final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da propia práctica docente constitúe unha estratexia crave para mellorar a calidade do proceso de E-A, ao identificar as carencias ou necesidades docentes para a súa solución. Nesta programación farase de forma reflexiva e continua: ao final de cada UD mediante un test de avaliación do ensino docente que o alumnado contesta de forma anónima, mediante o seguimento mensual da programación na plataforma dixital e na memoria do módulo FOL

Para esta avaliación seguiranse os seguintes criterios:

1º Adecuación de obxectivos educativos ás características dos/ás alumnos/ás;

2º Validez da secuenciación, organización e temporización de obxectivos, contidos e criterios de avaliación;

3º Idoneidade e efectividade das decisións metodolóxicas: organización da aula, nivel de interacción do alumnado, clima comunicativo, recursos empregados;

4º Validez de estratexias de avaliación e promoción en relación cos criterios;

5º Pertinencia e adecuación das medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE);

6º Coordinación e relacións dos docentes.

Esta avaliación realízase cos seguintes instrumentos: Seguimento da programación na aplicación informática, memoria do módulo, caderno da profesora, test de avaliación, triangulación, feedback durante e despois de explicacións e rúbrica que o alumnado contesta de forma anónima antes de finalizar cada un dos trimestres do curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso académico, o equipo docente do Ciclo Formativo na sesión de avaliación inicial compartirá a información proporcionada polo titor/a sobre as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos/ as, que á súa vez servirá para orientar e situar ao alumnado en relación ao perfil profesional do título. Dita información será solicitada de: informes individualizados, estudos académicos previos, do propio alumnado matriculado sen titulación previa, de informes ou ditames específicos do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo, da experiencia profesional previa do alumnado, matrícula condicional de alumnado estranxeiro e da observación e actividades realizadas as primeiras semanas do curso.

Todo iso será #recoller nunha acta que será entregada á Xefatura de Estudos.

A nivel de aula no módulo de FOL realizarase ao comezo do curso mediante a realización dun currículum vitae e unha entrevista de traballo ao alumnado sobre as características persoais, profesionais, educativas e intereses do alumnado, cuxos información se terá en conta para aplicar as pertinentes medidas. Por outra banda, tamén se realizará unha avaliación inicial ao comezo de cada UD en actividades de iniciación-motivación, mediante: brainstorming, tests, debates, técnica Phillips 66, analogías e, en función dos seus resultados, desenvolveranse cada unha das UD, sen esquecer que a avaliación inicial implica tamén para o alumnado unha aprendizaxe en si mesmo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haber alumno/as con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motóricos, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento ou de orientación. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada ou elaboraranse programas específicos de intervención.

Ademais, esta programación ten previstas diferentes actividades de ensino-aprendizaxe de diferentes grados de realización e ampliación,

actividades de investigación e actividades de reforzo e/ou ampliación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Partindo de que a educación en valores preséntase en LOE como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe presente en todas as materias do currículo de calquera etapa educativa, sutratamiento nesta PD farase de forma integrada, globalizada, continua, directa ou indirecta. De entre a amplitude de valores relacionados que o módulo FOL, destacan:

1. Saúde, deporte e dieta equilibrada: presente na UF 1 de PRL, e UF2 nas UD 5, por ser un dereito e deber dos traballadores que se poderá reflectir na relación contractual.
2. Respecto ao medio ambiente: tratarase de forma indirecta na UF1 de Prevención.
3. Igualdade de oportunidades: na UD 6: Xornada e Salario e en como dereito nas relacións laborais VDE 5 da relación laboral e tipos de contrato, no acceso ao emprego UD 9: Procura de emprego e solución de conflitos; UD 10: Equipos de traballo e conflitos.
4. Traballo colaborador e resolución pacífica de conflitos: será un aspecto destacado debido á heteroxeneidade do alumnado desta PD, tratarase durante todo o módulo, especialmente na WebQuest realizada en equipos de traballo, na UF 1(riscos) e na UF 2: UD 7 de Conflitos de traballo e UD 10 de Equipos de traballo e conflitos.
5. Xustiza, ética, civismo e lealdade: tratarase mais directamente nas UD 5.
6. Tolerancia, respecto, comprensión e compañeirismo: abordarase de maneira especial nesta PD debido a diversidade do alumnado, e ademais, tratarase directamente en UD 9 e 10.
7. Non explotación laboral de nenos: na UD 5: Relación laboral e tipos de contrato de traballo e nas vde de saúde laboral (UF 1), na protección de persoas especialmente sensibles. 8.Capacidade emprendedora, creatividade e iniciativa persoal: na WebQuest para a solución de problemas e na UD 9 de Procura de emprego.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

No caso de ser posible, debido á actual situación derivada do Covid, plantexaránse as seguintes actividades:

- XORNADA RISCOS ELÉCTRICOS. FORMACIÓN TELCO: 1º e 2º curso ciclos formativos da familia profesional de Electricidade e electrónica. 1º trimestre. Pretende dar unha formación complementaria en prevención de riscos laborais eléctricos atendendo ás esixencias do mercado laboral no eido da construción.
- XORNADAS DE PRIMEIROS AUXILIOS: 1º Curso de ciclos formativos. Decembro 2021
- VISITA A UNHA EMPRESA DO SECTOR: 1º , 2º cursos dos ciclos formativos. 2º trimestre. En colaboración con cada departamento das familias profesionais organizar unha visita a unha empresa do sector correspondente para que comprobren in situ os riscos laborais, as medidas de prevención, o sistema de traballo, a organización do traballo así coma aspectos técnicos da electricidade, da fabricación mecánica ou da imaxe persoal segundo sexa o caso.
- XORNADA ORIENTACIÓN LABORAL: 1º curso dos ciclos formativos. 3º trimestre
- CHARLAS NO SALÓN DE ACTOS AO LONGO DO CURSO PARA ALUMNADO DE 2º CURSO DE CICLOS FORMATIVOS:

- Charla motivacional sobre o mundo do emprendemento. (Semana 20 setembro)
- Modelos CANVAS (Semana 18 outubro)
- Plan de negocio (Semana 15 novembro)
- Marketing e comunicación aplicado á empresa (Semana 10 xaneiro)
- Cómo presentar o teu produto a inversores/Financiación (Semana 7 febreiro)

O departamento de Fol organizará ou participará en calquer outra actividade que se considere de interés ao longo do curso e que permita cumprimentar o proceso de ensino aprendizaxe do noso alumnado.

10. Outros apartados

10.1) SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS ESTE CURSO ESCOLAR

No caso de suspensión das clases presenciais, o alumnado empregará a aula virtual para a realización de actividades e visualización de contidos teóricos.

Nun principio plantéxanse actividades para a súa realización na aula de xeito presencial, pero que poden ser adaptadas á aula virtual no caso de ser necesario.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0852	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAMÓN VILLAR PROL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- p) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais para actuar con responsabilidade e autonomía.
- q) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- r) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.
- t) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.
- u) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.
- v) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

A formación do módulo permite alcanzar igualmente as competencias do ciclo que se indican a continuación:

- n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no ámbito de traballo.
- ñ) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.
- o) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- q) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0852_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Iniciativa emprendedora.	Análise das cualidades dun emprendedor, da motivación para emprender e da idea innovadora como punto de partida para a creación dunha empresa.	6	10	X			
2	Creación e posta en marcha dunha empresa.	Estudo das formas xurídicas de empresa e dos trámites necesarios para a súa posta en marcha, e concreción nun plan de empresa.	12	20			X	
3	A empresa e o seu contorno.	Estudo da empresa, do contorno xeral e específico e da responsabilidade social corporativa, e plasmación nun plan de empresa.	8	15		X		
4	Planificación e organización dunha empresa.	Estudo da organización dos recursos materiais e persoais da empresa, das estratexias de marketing, e plasmación nun plan de empresa.	12	20		X		
5	Xestión financeira.	Análise da viabilidade económica e financeira dunha empresa, e concreción nun plan de empresa.	15	20				X
6	Xestión administrativa.	Cumplimentación dos principais documentos relacionados coa actividade de empresa e identificación das obrigas fiscais, así como a súa aplicación práctica nun plan de empresa.	10	15				X
Total:			63					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a cultura empresarial na UE, en España e Galicia	1	A cultura empresarial	1,0
2.1 Recoñecer as cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, as vantaxas e inconvenientes de emprender e o papel do emprendedor na sociedade.	2	O emprendedor.	1,0
3.1 Diferenciar o concepto de creatividade e innovación empresarial, e a súa importancia para o crecemento económico.	3	A innovación.	1,0
4.1 Identificar as fontes de xeración de ideas, o procedemento de maduración e de avaliación da idea como punto de partida para a tomar a decisión de emprender.	4	A idea.	2,0
5.1 Analizar o contido e a estrutura dun plan de empresa, e a súa importancia e utilidade como paso previo para a posta en marcha dunha empresa.	5	O plan de empresa.	1,0
TOTAL			6

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	● PE.1 - Proba escrita obxectiva: test	S	15
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	● PE.2 - Proba escrita obxectiva: test	N	15
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na <u>actividade emprendedora</u> .	● TO.1 - Realización do Plan de empresa	S	10
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de imaxe persoal.	● TO.2 - Proba escrita obxectiva: test	S	20
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	● TO.3 - Realización do plan de empresa	N	10
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.	● TO.4 - Realización do plan de empresa	S	10
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de peiteado e cosmética capilar, que ha servir de punto de partida para a elaboración do <u>proxecto empresarial</u> .	● TO.5 - Realización do plan de empresa	S	10
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	● TO.6 - Realización do plan de empresa	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de peiteado e cosmética capilar (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector de imaxe persoal.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de peiteado e cosmética capilar.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A cultura empresarial - Análise da cultura empresarial na UE, en España e Galicia	<ul style="list-style-type: none"> A profesora, fai unha choiva de ideas e interactuando co alumnado, introduce o concepto de cultura emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado lee artigos facilitados pola profesora sobre a cultura emprendedora no noso país e noutros con maior cultura emprendedora, e elabora un informe comparativo. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe. 	<ul style="list-style-type: none"> Pc con acceso a internet. Apuntes facilitados pola profesora. Artigos de prensa ou internet. Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita obxectiva: test PE.2 - Proba escrita obxectiva: test 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O emprendedor. - Recoñecemento das cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, as vantaxas e inconvenientes de emprender e o papel do emprendedor na sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> • A profesora introduce e explica os contidos, obxectivos, resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e de calificación do módulo. • A profesora introduce e explica os elementos clave do Plan de empresa que se desenrolará durante todo o módulo. A profesora proxectará vídeos para apoiar a explicación do canvas de negocio. • A profesora, interactuando cos alumnos, explica o concepto de emprendedor, as cualidades profesionais e persoais que debe reunir, e as vantaxes e inconvenientes de emprender, facendo especial fincapé no risco inherente á actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado, en equipos de traballo de 2 ou 3 persoas, realiza un canvas do modelo de negocio sobre o que fará o Plan de empresa. • Os alumnos leen un informe sobre a cultura emprendedora no noso país e respostan a un cuestionario con preguntas tipo test en http://www.ajeimpulsa.es/formulario/test_evaluacion. • Os alumnos leen algún artigo sobre a cultura emprendedora en distintos países, e elaboran un informe no que comparan a cultura emprendedora en España ou Galicia coa cultura noutro país elixido. • O alumnado respostará a un cuestionario facilitado polo profesor no que se incluírán preguntas teóricas e casos prácticos sinxelos relativos ás cualidades dun emprendedor, á motivación para emprender e ás características das actividades emprendedoras no sector. • Os alumnos, accedendo a alguna páxina web facilitada polo profesor ou seleccionada por eles, cubrirán unha ferramenta denominada "test do emprendedor", e determinarán se as súas características coinciden coas que debe ter un emprendedor, e incorporarán ao cuestionario anterior as súas conclusións. • O alumnado mediante a técnica do elevator pitch expón a súa idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Test resolto. • Informe. • Canvas do Modelo de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes. • Canvas do modelo de negocio. • PC con internet. • Procesador de textos. • Vídeos sobre os contidos. • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - Realización do Plan de empresa • TO.3 - Realización do plan de empresa • TO.4 - Realización do plan de empresa 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A innovación. - Diferenciación do concepto de creatividade e innovación empresarial, e a súa importancia para o crecemento económico.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor proxectará un vídeo e explicará o concepto e os tipos de innovación, e a súa importancia para o desenvolvemento económico. incluído a teoría dos océanos azules 	<ul style="list-style-type: none"> O alumno respostará a un cuestionario facilitado polo profesor que incluírá preguntas teóricas relativas á innovación empresarial e supostos prácticos sinxelos nos que debe identificar o tipo de innovación introducida en diferentes empresas. Utilizando un buscador, os alumnos, en equipos de 3 ou 4 alumnos, localizarán axudas públicas para fomentar a innovación nunha empresa da CCAA de Galicia. Posteriormente presentarán un informe á profesora para a súa cualificación. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario resolto. Informe. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. PC con internet. Procesador de textos. Vídeos sobre os contidos. Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Proba escrita obxectiva: test 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A idea. - Identificación das fontes de xeración de ideas, o procedemento de maduración e de avaliación da idea como punto de partida para a toma de decisión de emprender.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora explicará a importancia da idea como punto de partida da decisión de emprender, da súa maduración e avaliación previa á toma desa decisión. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumno respostará ás preguntas e casos prácticos, recollidos nun cuestionario, relativos á orixe da idea, á súa avaliación, e á toma da decisión de emprender. O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, sinalará posibles ideas de negocio innovadoras no sector profesional. Cada equipo seleccionará a idea máis innovadora, especificando o tipo de innovación aplicada, e presentará un informe ao profesor para a súa valoración, onde se indiquen todas as ideas propostas, a seleccionada como máis innovadora e a xustificación da elección desta. <p>Posteriormente, no grupo-clase valoraranse as diferentes ideas segundo uns parámetros indicados pola profesora, e seleccionárase a idea máis innovadora</p> <ul style="list-style-type: none"> O alumnado, en equipos de 3 ou 4 alumnos, accederá a web http://www.ajeimpulsa.es/formulario/evalua_idea_negocio, e empregando a guía para a avaliación da idea, analizará a idea de negocio seleccionada na tarefa anterior. O alumnado mediante a técnica do elevator pitch expón a súa idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe. Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> PC con internet. Apuntes. Vídeos sobre os contidos. Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Realización do plan de empresa 	2,0
O plan de empresa. - Análise do contido e a estrutura dun plan de empresa, e a súa importancia e utilidade como paso previo para a posta en marcha dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor proxectará un vídeo e explicará a importancia do plan de empresa como paso previo á posta en marcha da empresa, e facilitará un esquema do seu contido e da súa estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado, coa información que lle facilita a profesora elabora a primeira parte do plan de empresa que vai confeccionar ao longo do curso. O alumnado repasa contidos con Kahoot. 	<ul style="list-style-type: none"> Ficha de valoración cumprimentada. 	<ul style="list-style-type: none"> Canvas do modelo de negocio. Primeira parte do plan de empresa. Wequest: https://sites.google.com/site/webquesteimagempersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Realización do plan de empresa 	1,0



	TOTAL	6,0
--	-------	-----

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Creación e posta en marcha dunha empresa.	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Caracterizar as formas xurídicas de empresa.	1	A clasificación xurídica das empresas.	4,0
2.1 Identificar o proceso para a creación e posta en marcha dunha empresa.	2	Trámites para a constitución dunha empresa.	2,0
3.1 Localizar fontes de información e asesoramento financeiras e legais para a creación e posta en marcha dunha empresa.	3	Institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas.	1,0
4.1 Identificar distintas axudas e subvencións para a posta en marcha do proxecto.	4	Axudas e subvencións.	1,0
5.1 Elaborar o plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.	5	Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites de constitución e axudas e subvencións aplicables.	4,0
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.	● PE.1 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.2 Analízanse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.	● PE.2 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de imaxe persoal.	● TO.1 - Realización do plan de empresa	S	10
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.	● PE.3 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.	● PE.4 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.	● PE.5 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.	● TO.2 - Realización do plan de empresa	N	5
CA3.8 Analízase as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de peiteado e cosmética capilar tendo en conta a súa localización.	● TO.3 - Realización do plan de empresa	N	5
CA3.9 Inclúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.	● TO.4 - Realización do plan de empresa	S	30
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Formas xurídicas das empresas.</p> <p>Responsabilidade legal do empresario.</p> <p>A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.</p> <p>Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</p> <p>Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</p> <p>Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de peiteado e cosmética capilar.</p> <p>Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A clasificación xurídica das empresas. - Caracterización das formas xurídicas de empresa.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor introduce e proxecta vídeos sobre o concepto de persoa empresaria e comenta os requisitos que cumpren para desenvolver a actividade empresarial. A profesora proxecta vídeos e explica a clasificación xeral entre empresario individual e empresas-sociedades e das características xerais comúns das principais sociedades mercantís. 	<ul style="list-style-type: none"> Sondaxe entre o alumnado sobre empresas do seu ámbito municipal, provincial ou autonómico, de xeito que terán que indicar o seu nome comercial e a actividade á que se adica. A profesora proxecta vídeos e explica os factores que poden influir para a elección da forma xurídica. Busca de información en internet para averiguar a forma xurídica das empresas indicadas do ámbito xeográfico. Traballo en parellas para obter conclusións sobre as características legais máis representativas de cada tipo de sociedade, e realización dun cadro comparativo de formas xurídicas. Busca de información en páxinas de internet facilitadas pola profesora para averiguar a importancia das empresas de economía social no seu sector de actividade, e realización dun informe coas conclusións que será entregado á profesora para a súa valoración. Resolución dun cuestionario con preguntas teóricas e casos prácticos sobre a elección da forma xurídica. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe de empresas de economía social. Cadro comparativo de formas xurídicas. Cuestionario resolto. Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. PC con internet. Procesador de textos. Vídeos sobre os contidos. https://sites.google.com/site/webquesteimagenpersonal/home 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita obxectiva: test PE.2 - Proba escrita obxectiva: test PE.3 - Proba escrita obxectiva: test PE.4 - Proba escrita obxectiva: test TO.1 - Realización do plan de empresa 	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Trámites para a constitución dunha empresa. - Identificación do proceso para a creación e posta en marcha dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora proxectará vídeos, explicará e entregará un esquema e explicará os trámites necesarios para constituír e poñer en marcha sociedades mercantis ou establecerse como empresario individual. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dun cuestionario con preguntas teóricas e casos prácticos relativo aos trámites para a constitución e posta en marcha de empresas. Traballo en parellas: investigación en internet sobre os trámites específicos para a posta en marcha de empresas do sector da imaxe persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> Trámites específicos. Cuestionario resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. Esquema trámites. PC con internet. Procesador de textos. Vídeos sobre os contidos. https://sites.google.com/site/webquesteieimagenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Proba escrita obxectiva: test 	2,0
Institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas. - Localización de fontes de información e asesoramento financeiras e legais para a creación e posta en marcha dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> O profesor completará a listaxe de institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizando un buscador, os alumnos localizarán diversas institucións públicas e privadas relacionadas coa creación de empresas, principalmente de ámbito local, provincial e autonómico. O alumno elaborará un informe sobre institucións públicas e privadas para a creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> Listado de institucións. 	<ul style="list-style-type: none"> Procesador de textos. PC con internet. Vídeos sobre os contidos https://sites.google.com/site/webquesteieimagenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Realización do plan de empresa 	1,0
Axudas e subvencións. - Identificación de distintas axudas e subvencións para a posta en marcha do proxecto.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora completará a listaxe de axudas e subvencións relacionadas coa creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> Utilizando un buscador, os alumnos localizarán diversas axudas e subvencións relacionadas coa creación de empresas, principalmente de ámbito autonómico. O alumno elaborará un informe sobre axudas e subvencións para a creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> Listado de axudas e subvencións. 	<ul style="list-style-type: none"> PC con internet. Procesador de textos. https://sites.google.com/site/webquesteieimagenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Realización do plan de empresa 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites de constitución e axudas e subvencións aplicables. - Elaboración do plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.		<ul style="list-style-type: none"> • Análise das vantaxes e as desvantaxes de cada unha das formas xurídicas en relación coa propia idea de negocio. • Para cada plan de empresa, e utilizando os criterios establecidos para a elección da forma xurídica, tomarase unha decisión xustificada sobre a forma xurídica a adoptar. • Segundo a elección anterior, describiranse os trámites de constitución necesarios. • Tendo en conta o tipo de empresa, buscarase alomenos unha axuda ou subvención aplicable de ámbito autonómico para a constitución da empresa. • En grupos, o alumnado elaborará un informe coas conclusións sobre as tarefas anteriores, que formará parte do seu plan de empresa e exporá esta parte do Plan de empresa mediante a técnica Pecha Kucha. • O alumnado repasa contidos con Kahoot. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de empresa parcial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes. • Esquema plan de empresa. • Modelos plan de negocio. • PC con internet. • Procesador de textos. • https://sites.google.com/site/webquesteieim/agenpersonal/home • Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.4 - Realización do plan de empresa 	4,0
TOTAL						12,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A empresa e o seu contorno.	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o concepto de empresa, as súas principais funcións e obxectivos, os tipos de empresa, a estrutura organizativa e a súa localización.	1	A empresa e a súa organización.	1,0
2.1 Analizar o contorno xeral e específico dunha empresa do sector da imaxe persoal, en función da súa localización, e incluído nun plan de empresa.	2	O contorno da empresa: xeral e específico.	2,0
3.1 Recoñecer a importancia da responsabilidade social das empresas e a súa implicación no crecemento económico sostible.	3	A responsabilidade social corporativa e o balance social.	2,0
4.1 Identificar, en empresas do sector da imaxe persoal, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	4	A ética empresarial.	1,0
5.1 Elaborar o plan de empresa incluíndo a idea de negocio, a localización, o estudo do contorno e a responsabilidade social.	5	Plan de empresa.	2,0
TOTAL			8

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.	● TO.1 - Realización do plan de empresa	N	5
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.	● PE.1 - Proba escrita obxectiva: test	S	5
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.	● PE.2 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.4 Apareciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	● PE.3 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de peiteado e cosmética capilar en función da súa posible localización.	● TO.2 - Realización do plan de empresa	S	5
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.	● PE.4 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co peiteado e a cosmética capilar, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.	● TO.3 - Realización do plan de empresa	S	5
CA2.8 Identificáronse, en empresas de peiteado e cosmética capilar, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	● TO.4 - Realización do plan de empresa	S	5
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.	● TO.5 - Realización do plan de empresa	S	5
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.	● PE.5 - Proba escrita obxectiva: test	S	10
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.			0

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.12.1 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a responsabilidade social	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 - Realización do Plan de empresa 	S	30
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</p> <p>Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de peiteado e cosmética capilar: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</p> <p>Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de peiteado e cosmética capilar: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.</p> <p>Localización da empresa.</p> <p>A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</p> <p>Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.</p> <p>Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.</p> <p>Plan de empresa : a idea de negocio, a localización, a responsabilidade social</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A empresa e a súa organización. - Análise do concepto de empresa, as súas principais funcións e obxectivos, os tipos de empresa, a estrutura organizativa e a súa localización.	<ul style="list-style-type: none"> A profesora proxectará un vídeo e explicará o concepto, as funcións, obxectivos e a estrutura organizativa da empresa. A profesora proxectará vídeos e explicará a análise DAFO e a extratexia CAME. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado respostará a un cuestionario ou testfacilitado polo profesor que incluírá preguntas teóricas relativas ás cuestións explicadas, e un ou varios supostos prácticos de elaboración do organigrama dunha ou varias empresas. O alumnado realizará a análise DAFO e a extratexia CAME dunha empresa do seu sector. 	<ul style="list-style-type: none"> Test resolto. Análise DAFO e extratexia CAME. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes. Vídeos sobre os contidos. https://sites.google.com/site/webquesteieim/agenpersonal/home Aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita obxectiva: test TO.1 - Realización do plan de empresa 	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
